

DIAGNÓSTICO SOCIODEMOGRÁFICO
do CONCELLO DE TOMIÑO
2021

Avalia Grupo de Coordinación

Outubro de 2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. METODOLOXÍA.....	4
3. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUANTITATIVA.....	5
3.1 TERRITORIO.....	5
3.2 DEMOGRAFÍA.....	7
3.2.1 Pirámide	
3.2.2 Cifras	
3.2.3 Indicadores	
3.2.4 A modo de Resumo	
3.3 EDUCACIÓN.....	24
3.3.1 A modo de Resumo	
3.4 MERCADO LABORAL.....	27
3.4.1 Contratos Iniciais	
3.4.2 Contratos Rexistrados	
3.4.3 Desemprego	
3.4.4 Afiliacións Seguridade Social	
3.4.5 A modo de Resumo	
3.5. BENESTAR SOCIAL.....	40
3.5.1. Pensións Seguridade Social	
3.5.2. Prestacións Públicas	
3.5.3. A modo de Resumo	
3.6. VIOLENCIA DE XÉNERO.....	45
3.6.1. Evolución e Magnitude	
3.6.2. Denuncias	
3.6.3. Ordes de Protección	
3.6.4. Partido Xudicial de Tui	
3.6.5. A modo de Resumo	
3.6.6. Servizo de Atención Xurídica en Violencia de Xénero e Promoción da Igualdade do Concello de Tomiño	
4. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUALITATIVA.....	56
5. CONCLUSIÓNS	59
6. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.....	61

1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade, seguen a persistir múltiples desigualdades e discriminacións entre mulleres e homes en todas as esferas sociais. O feito de acadar a igualdade formal entre mulleres e homes no ordenamento xurídico, non significa que exista unha igualdade real. Polo tanto, para eliminar a desigualdade existente resulta imprescindible poñer en marcha políticas de igualdade de oportunidades en todos os ámbitos sociais.

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes repercute non só nas mulleres, que son as que tradicionalmente se atopan en situación de desvantaxe social en diferentes esferas, senón que beneficia a toda a sociedade por ser unha cuestión de xustiza social e de defensa de dereitos humanos. Porque acadar unha sociedade máis igualitaria repercute de xeito positivo en toda a sociedade obtendo como resultado unha sociedade máis xusta, equilibrada e onde se aproveitan mellor os recursos humanos.

O Concello de Tomiño como institución pública máis próxima á cidadanía, convértese no ámbito idóneo para investigar e coñecer as necesidades, recursos e inxerencias da poboación Tomiñesa, fundamentalmente para activar a participación e colaboración da poboación na elaboración dun novo Plan de Igualdade deseñado desde unha metodoloxía activa e participativa.

Para elaborar o 4º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño debemos coñecer, en profundidade, a realidade social na que se vai intervir. Por este motivo xorde a necesidade de realizar un *Diagnóstico Sociodemográfico de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño* que nos proporcione información sobre a situación actual da poboación Tomiñesa desde a perspectiva de xénero e facilite a detección e análise sobre as “fendas de xénero” existentes.

Polo tanto, este informe compila os resultados obtidos de realizar unha análise comparativa dos indicadores cuantitativos sobre a poboación Tomiñesa nos últimos anos co obxectivo de ofrecer unha visión actualizada das desigualdades entre ambos sexos nos ámbitos examinados. Ao mesmo tempo, plasma información cualitativa extraída das achegas realizadas polas e polos axentes sociais e comunitarios da localidade que participaron e colaboraron na elaboración do mesmo. Neste sentido, as medidas establecidas no 4º Plan de Igualdade son o produto resultante da análise dos mencionados datos.

2. METODOLOXÍA

Este informe é un diagnóstico, realizado desde a perspectiva de xénero, sobre a situación sociodemográfica de mulleres e homes do Concello de Tomiño. O obxectivo fundamental deste diagnóstico é estudar a situación diferencial de mulleres e homes nos ámbitos: demográfico, educativo, do mercado laboral, de benestar social e da evolución e magnitude da violencia de xénero, co obxectivo de realizar un documento de traballo que permita intervir no territorio a través de pautas adecuadas á realidade actual do municipio. Unha vez finalizada a fase de análise, propoñemos unha serie de accións que teñen como finalidade incidir sobre as desigualdades e situacións de discriminación detectadas.

A metodoloxía empregada para a realización do diagnóstico foi organizada en catro fases ou etapas.

Na **primeira fase**, de estudo bibliográfico, fíxanse as áreas á indagar e os indicadores básicos. Estes achegarán información relevante desde a perspectiva de xénero en cada un dos ámbitos de análise. As áreas obxecto da diagnose son: Territorio, Demografía; Educación; Mercado laboral; Benestar Social, e; Violencia de xénero.

A **segunda fase** defínese pola recollida e posterior estudo e análise de información de fontes secundarias, para o que se consultaron fundamentalmente: o *Instituto Galego de Estatística (Banco de datos municipal)* e a *Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género do Ministerio de Igualdad*.

A premisa central deste tratamento de datos foi que contemplaran o sexo como variable de análise.

A desagregación por sexo dos datos estatísticos atópase recollida por lei no *artigo 20 da Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres*, non obstante, a análise a nivel municipal segue adocendo deste nivel de desagregación, a tal forma que datos que poderíamos envorcar a nivel autonómico e provincial deixan de existir a nivel municipal, fora do contexto das 7 grandes cidades galegas.

Na procura de dotar a indagación dun marco comparativo desde unha perspectiva temporal e xeográfica, achegamos datos de anos anteriores e dos territorios de referencia.

A través da **terceira fase** recabase información procedente de fontes primarias, a través de entrevistas realizadas ao persoal técnico de diversos departamentos municipais. As entrevistas tiveron como finalidade recoller información sobre a problemática existente no municipio e as propostas e suxestións que consideraban oportunas para traballar a prol de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do municipio. Leváronse a cabo tres reunións con persoal técnico do departamento de Servizos Sociais.

Paralelamente, elaborouse unha enquisa/cuestionario, enviada vía e-mail, dirixida ao persoal técnico, centros educativos e partidos políticos co obxectivo de recoller as súas achegas para incluír no 4º Plan de Igualdade. Ao mesmo tempo, colgouse tamén na web do Concello un cuestionario dirixido a axentes sociocomunitarios da localidade co obxectivo de recoller as súas achegas ao Plan.

Na **cuarta fase** elabórase o Informe final desde a perspectiva de xénero, e nel establécese as principais desigualdades detectadas entre mulleres e homes da localidade coa finalidade de que poidan ser deseñadas e incluídas como medidas a implantar no 4º Plan de Igualdade de Oportunidades.


3. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUANTITATIVA

3.1. TERRITORIO

Tomino está situado no extremo suroccidental da Provincia de Pontevedra. Limita ao norte cos Concellos de Gondomar e Baiona, co Concello de Tui, o río Miño e Portugal polo leste e os Concellos de Oia e O Rosal polo suroeste. Forma xunto cos Concellos de Tui, A Guarda, Oia e O Rosal a Comarca do “Baixo Miño”. A súa altitude é de 39m. Atópase situado na zona central da Comarca do Baixo Miño.

O territorio do concello de Tomino artículase arredor do río Miño que o pecha polo sur e dunha serie de vales de dirección Norte-Sur, formados polos seus afluentes. Salientar que a área que recorre o río Miño está incluída na Rede Natura 2000, debido a súa importante biodiversidade. Existen tamén concas fluviais con cursos subsidiarios do Miño como son os ríos “Cereixo”, “Pego” e “Furnia.”¹

Mapa do Baixo Miño



fonte: <http://baixomino.com/>

É un espazo natural que destaca sobre todo polo seu valor paisaxístico, situado entre as elevacións da Serra de Argallo ao Oeste, que o separa do municipio de O Rosal e de Oia. Entre os seus principais enclaves destacar: Niño Corvo, a 313 m de altitude, o Alto da Calzada con 625 m, ten a cota máxima de altitude, o Monte Lusado con 613 m e o Alto da Pedrada con 519 m. Ao norte, está definido polas derivacións das serras de A Groba e do Galiñeiro, que separan ao territorio dos municipios de Baiona Oia e Gondomar.

¹ I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia. Ayuntamiento de Tomino 2018-2021.

Debido a súa situación estratéxica posúe unhas características climáticas especiais, en xeral, os invernos son suaves, con alta pluviosidade, e o verán rexistra temperaturas bastante elevadas, con pouca pluviosidade. Esta climatoloxía orixina unha terra moi fértil, sendo a agricultura unha das actividades importantes neste municipio. Practícase unha agricultura de policultivo, que orixina unha importante industria agroalimentaria. Trátase dun tipo de agricultura moderna e tecnificada, favorecida polas características naturais e climáticas da comarca, baseada no cultivo de todo tipo de hortalizas e de produtos, entre os que destacan pola súa importancia a superficie adicada á produción hortícola, viveiros e frutícola, entre os que compre salientar o kiwi (neste Concello prodúcese un 40% do kiwi galego e un 24% do español). Destaca tamén a elaboración de conservas, licores, marmeladas e sobre todo viñedo, incluído na “Denominación de Orixe Rías Baixas”.

Existen boas *infraestruturas de comunicación* que conectan esta localidade co resto de Galicia, o Estado e Portugal. Existe comunicación viaria con Vigo e o Norte de Galicia a través da AP-9 e A-52, e con Portugal coa IC-1 ou IP1 e a A28. Esta localidade tamén está comunicada con Portugal coa Ponte Internacional da Amizade ata Goián, pasando á estrada PO-552. A nivel local presenta unha rede de estradas locais que comunica todos os núcleos da localidade cos Concellos limítrofes.

Tomíño está intercomunicada a través dun *servizo de autobuses* que cubre a liña regular de transporte tanto a outras zonas da Comarca ou sur da provincia de Pontevedra (Baiona, A Guarda), como á cidade de Vigo.

Próximo a Tomíño (35km) está o *aeroporto de Peinador*, que conta con conexións nacionais e internacionais.

A *nivel ferroviario* está comunicada coa cidade de Vigo ou coa liña de ferrocarril que ven dende O Porriño, no Concello de Tui onde paran algúns servizos Vigo-Ourense e con Portugal.

Mapa de parroquias de Tomíño



Fonte: google maps

Salientar que, este municipio fai fronteira con Portugal, mantendo unha importante relación coa localidade portuguesa de Vila Nova da Cerveira. Existe cooperación transfronteiriza entre a Cámara Municipal de Vila Nova da Cerveira e o Concello de Tomíño establecendo liñas de intervención conxuntas para o desenvolvemento do territorio.

Tomíño ocupa unha extensión de 106,6 quilómetros cadrados e posúe unha densidade de poboación no ano 2006 de 115,3 habitantes por quilómetro cadrado, incrementándose a 132,2 no ano 2020.

3.2. DEMOGRAFÍA

A análise da estrutura demográfica da poboación de Tomiño toma como referencia os datos relativos aos indicadores básicos para a poboación do ano 2020 ou 2019 analizados nos seguintes apartados:

- 3.2.1 Pirámide
- 3.2.2 Cifras
- 3.2.3 Indicadores
- 3.2.4 A modo de Resumo

A razón de que todos os datos achegados non sexan do 2020 é que no momento da recollida da información non se atoparon reflectidos nin explotados nos Instituto oficiais de Estatística.

Co obxectivo de ofrecer un panorama o máis amplo posible achegamos datos de anos anteriores, centrándonos nos resultados da anterior indagación (2016) e a evolución da última década. Do mesmo modo acompañamos os datos de Tomiño, cos dos territorios onde se atopa inserido: comarca do Baixo Miño, provincia de Pontevedra e Galicia, co ánimo de referenciar a información vertida.


Todos los datos achegados están desagregados por sexo.

3.2.1 Pirámide

A imaxe que nos ofrece unha mellor panorámica da estrutura demográfica dun territorio é a **pirámide da poboación**. Este é un esquema de representación da estrutura da poboación formada por dous diagramas de barras enfrontados, un para mulleres e outro para homes, no que cada barra representa un grupo de idade, situándose a poboación máis nova na base e a de maior idade na parte superior.

As pirámides de poboación das sociedades desenvolvidas cada vez son menos piramidais e máis ovaladas ou rectangulares, caracterizadas por un estreitamento da base (poboación máis nova), un ancheamento de distinta intensidade na parte central da pirámide (idades adultas) e un pico de pirámide amplo (poboación maior).

Gráfico-1- Pirámide de poboación de Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Para interpretar esta gráfica cómpre ter en conta que as barras da dereita representan á poboación de mulleres (cor lila) e a da esquerda (cor verde) a dos homes, do mesmo modo que os intervalos numéricos representados nas barras indican o tramo de idades e o eixe de abscisas (horizontal) amosa o número de persoas. Un exemplo de lectura é que a poboación de mulleres de máis de 85 anos é de 300 mentres que a de homes non chega aos 200.

Atendendo á distribución por sexo, este é un territorio con maior número de homes que de mulleres excepto nos tramos de máis idade.

A nivel xeral, é coñecido que nacen máis homes que mulleres (105 homes por 100 mulleres) e que as mulleres teñen maior esperanza de vida que os homes, o que fai que as bases das pirámides de poboación sexan máis grosas para o grupo de homes, se equilibren nos anos centrais e que a cúspide sexa máis ancha para o grupo de mulleres. Non obstante, no caso de Tomiño **o grupo de homes é lixeiramente maior que o de mulleres en case todos os tramos de idade**, excepto a partir dos 80 anos onde a distribución de mulleres-homes comeza a representarse nun 60-40.

Analizando as idades simples, comprobamos que a idade na que comeza esta tendencia é os 76 anos, acadando unha distribución de máis dun 70-30 a partir dos 87 anos, e de máis dun 80-20 en persoas maiores de 97 anos.

É de interese observar que o groso da **poboación de homes se atopa entre os 35 a 64 anos** e o de **mulleres entre os 35 aos 54**.

Atendendo exclusivamente á distribución por idades o dato de maior relevancia é o peso da poboación menor de 14 anos en relación á maior de 65 anos, o que significa o número de menores relacionado cos de maiores. En Tomiño o primeiro grupo representa o 12% da poboación total, mentres que o segundo acada o 22%, o que significa que **as persoas maiores de 65 anos (con maior peso de mulleres) case duplican ás menores de 14 (con maior peso de homes)**.

Outro dato de interese é analizar o perfil da pirámide en función dos anos². De esta análise podemos inferir que:

- A **maior porcentaxe de poboación** concéntrase na nacida entre os anos **1966-1980**, que corresponden aos e ás habitantes de 40 a 54 anos.
- Os tramos comprendidos entre o ano **1986 ao 2015** (34 a 5 anos) amosan unha silueta rectangular o que significa un **estancamento** desta poboación.
- Entre o ano **2016 á actualidade** (poboación de 0-4 anos) obsérvase un **decrecemento** da poboación comparativamente cos anos anteriores.

Para finalizar destacar que a pirámide da poboación de Tomiño para o 2020 é unha pirámide regresiva, xa que existe menos poboación na base que nos tramos intermedios, mentres que no cumio hai un número importante de poboación.

Esta é unha pirámide propia de territorios desenvolvidos, nos que a natalidade descende, mentres as taxas de mortalidade levan tempo controladas o que se asocia a unha maior esperanza de vida. Estes feitos marcan unha tendencia de envellecemento da poboación que cuestiona a posibilidade de relevo xeracional.

Unha vez achegada a panorámica xeral da poboación de Tomiño a través da súa pirámide da poboación, cómpre coñecer os datos que nos permitirán afondar na súa mellor comprensión, polo que

² Os anos que corresponden a cada tramo de idade da pirámide son (dende a base á cúspide): 2020-2016; 2015-2011; 2010-2006; 2005-2001; 2000-1996; 1995-1991; 1990-1986; 1985-1981; 1980-1976; 1975-1971; 1970-1966; 1965-1961; 1960-1956; 1955-1951; 1950-1946; 1945-1941; 1940-1936; persoas nacidas antes do 1936.

a continuación aproximamos datos relativos á: distribución a poboación por parroquias, densidade, datos xerais da poboación, poboación de orixe estranxeira, poboación por grandes grupos de idade, idade media da poboación, taxa bruta de natalidade, idade media de maternidade, número medio de fillas e fillos, idade da nai ao nacemento da súa primeira filla ou fillo, taxa bruta de mortalidade, índice de masculinidade, índice de envellecemento e sobreenvellecemento, índice de recambio da poboación en idade activa, saldo vexetativo e saldo migratorio.

3.2.2 Cifras

A superficie de Tomiño conta con 106,6 Km2 distribuídos en 15 entidades colectivas ou parroquias, 134 entidades singulares de poboación e 63 núcleos. Esta distribución indica a existencia dunha importante dispersión da poboación.

O Concello está conformado polas seguintes **parroquias**: *Amorín, Barrantes, Currás, Estás, Figueiró, Forcadela, Goián, Piñeiro, Pinzás, Tebra, Tomiño e Vilameán.*

Táboa-1 - Poboación segundo sexo das parroquias. Tomiño/2020

Parroquias	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Amorín	625	48%	685	52%	1.310
Barrantes	420	48,5%	445	51,5%	865
Currás	177	47,5%	196	52,5%	373
Estás	208	49%	218	51%	426
Figueiró	238	50%	237	50%	475
Forcadela	339	50%	340	50%	679
Goián	1.047	51%	1.019	49%	2.066
Pinzás	86	48%	92	52%	178
Piñeiro	163	52%	150	48%	313
Sobrada	513	51%	486	49%	999
Taborda	262	52,5%	237	47,5%	499
S. Salvador Tebra	158	47,5%	175	52,5%	333
Sta. María Tebra	406	51%	392	49%	798
Tomiño (Sta María)	1.918	49%	1.977	51%	3.895
Vilameán	179	50%	178	50%	357
TOTAL	6.739	49,7%	6.827	50,3%	13.566

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Nomenclator (INE)

Unha lectura da táboa anterior, relativa á distribución global da poboación das parroquias de Tomiño por sexo, indica que no ano 2020, as parroquias de *Santa Mariña de Tomiño, Goián e Amorín* concentraron máis da metade da poboación do Municipio. A primeira concentrou o 29% da poboación, a segunda o 15% e a terceira o 10%.

Estes datos son similares aos do ano 2016, no que *Santa María de Tomiño* concentraba o 28% da poboación, *Goián* o 15% e *Amorín* o 9%.

Entre as parroquias menos poboadas destacan: Pinzás con 178 habitantes, Piñeiro con 313 e S. Salvador de Tebra e Currás con 333 e 373 habitantes respectivamente. A suma destas catro parroquias ascende ao 9% da poboación total do concello.

Respecto da análise por sexo, en liñas xerais, todas as parroquias gardan un proporción de poboación por sexo arredor do 50%.

A continuación amosamos as **oscilación da poboación nos últimos catro anos por parroquia**.

Táboa-2- Diferenzas poboación segundo sexo. Tomiño. 2016-2020

Parroquias	Mulleres	Homes	TOTAL
Amorín	+27	+19	+46
Barrantes	-15	-16	-31
Currás	-6	-2	-8
Estás	+8	-8	0
Figueiró	-8	+6	-2
Forcadela	-16	-10	-26
Goián	+5	+6	+11
Pinzás	-4	+9	+5
Piñeiro	-4	-8	-12
Sobrada	+1	-12	-11
Taborda	-12	-25	-37
S. Salvador Tebra	-2	-2	-4
Sta. María Tebra	-6	-1	-7
Tomiño (Sta María)	+49	+77	+126
Vilameán	-13	-19	-32
TOTAL	+4	+14	+18

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Nomenclator (INE)


Aínda que o municipio de Tomiño gaña poboación, é importante resaltar que esta ganancia se debe ao incremento da poboación fundamentalmente en *Tomiño-centro*, *Amorín*, *Goián* e *Pinzás*. Todas as demais parroquias perden poboación, excepto *Estás* que perde 8 homes, pero gaña 8 mulleres.

Esta información revélase como clave á hora de relacionala coas parroquias que concentran maior poboación (*Tomiño centro*, *Goián* e *Amorín*). Poderíase concluir con que a tendencia é a de concentrar o maior número de poboación nos núcleos xa mais poboados.

Outro elemento de interese é a maior ganancia de poboación masculina (+14) sobre a feminina (+4), dato arrastrado polo incremento de poboación de homes en *Tomiño-centro* e contrarrestado polo maior número de mulleres de *Amorín*.

Outro dato de interese que achega información sobre a concentración da poboación é a **densidade**. O seguinte gráfico describe un incremento da mesma ata o 2014, onde alcanza unha meseta que

marca os 131 ou 132 habitantes por quilometro cadrado ata o último ano do que se dispón datos - 2019- con 131,5.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Facendo unha comparación cos territorios de referencia o Concello de Tomiño ten maior densidade de poboación que o total de Galicia e menor que a comarca e a provincia.

Táboa-3- Comparativa densidade poboación.
Tomiño/Baixo Miño/Prov. Pontevedra/Galicia. 2016-2020

	Ano 2016	Ano 2020
TOMIÑO	131,2	132,2
Comarca Baixo Miño	158,6	158,9
Provincia PO	210,3	210
Galicia	92,0	91,4

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Non obstante, aumenta a súa densidade dende o 2016 á actualidade, mentres os outros territorios observados o fan moi debilmente (dato comarcal) ou diminúen (dato provincial e galego).

A continuación examinaremos os datos de **poboación** total desagregados por sexo en diferentes anos.

Táboa-4- Poboación segundo sexo. Tomiño 2006-2016-2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Ano 2006	6.195	50,4%	6.083	49,6%	12.278
Ano 2016	6.735	49,7%	6.813	50,3%	13.548
Ano 2020	6.739	49,7%	6.827	50,3%	13.566


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Mentres que dende o ano 2006 ata o 2016 Tomiño gañou unha media de 127 habitantes/ano, do 2016 ao 2020 o incremento foi de 4/5 habitantes ao ano.

A ganancia total de habitantes nestes últimos anos catro anos é de 18 persoas o que representa un incremento do 0,13%.

Este dato é congruente coa información antes sinalada respecto da densidade e amosa unha situación de meseta demográfica, na que apenas hai ganancia nin perda de poboación.

Gráfico-3- Evolución da poboación segundo sexo. Tomiño 2006-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Este comportamento é semellante ao da provincia de Pontevedra, que pasa de 944.346 habitantes no 2016 a 945.408 no 2020, a ganancia destes catro últimos anos representa un incremento do 0,11%.

Non obstante, ao analizar os datos galegos atopámonos cunha perda de poboación dun 0,62% dende o 2016 ata o 2020, xa que Galicia contaba cun total de 2.718.525 habitantes no ano 2016 e 2.701.819 no 2020.

Un elemento interesante do estudo da **poboación** e coñecer canta desta é de **orixe estranxeira**.

Táboa-5- Poboación estranxeira segundo sexo. Tomiño 2006-2016-2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Ano 2006	195	50%	197	50%	392
Ano 2016	209	45%	258	55%	467
Ano 2020	239	49%	248	51%	487


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Dende o ano 2006 ata o 2020 Tomiño pasa de ter 392 persoas estranxeiras empadroadas a 487, o que significa un incremento dun 20% entre estes anos, e máis especificamente dun 4% nos últimos catro anos (2016 ao 2020). A priori este dato cobra especial interese, tendo en conta que a porcentaxe de incremento da poboación xeral nos últimos catro anos foi do 0,13%, tal como indicábamnos nos parágrafos anteriores.

Por outra banda, e a nivel xeral, a poboación estranxeira de Tomiño no 2020 representou un 3,6% da poboación total. Este mesmo dato é menor que o dato global a nivel galego (4,2%) e o provincial (4%).

Analizando o **lugar de procedencia da poboación estranxeira** do concello de Tomiño, o 46,7% desta é orixinaria de Portugal, seguida de Romanía (7,4%), Brasil (5,5%), Marrocos (4,7%) e Francia (4,7%).

Gráfico-4- Poboación estranxeira segundo sexo e procedencia. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Na desagregación por sexo observamos que non é igual o peso de mulleres e homes por país. Atendendo á poboación de mulleres estranxeiras os países de procedencia son nun 36% Portugal (86), Romanía 8,8% (21), Brasil (8%) e Francia (5,4%).

Os países de procedencia no caso dos homes son: 57% Portugal (141), 6% Romanía (15), 6% Marrocos (15) e 4% Francia (10)

A continuación, achegamos información sobre a **poboación segundo sexo e grandes grupos de idade**, sinalando os anos 2016 e 2020.

Táboa-6- Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
- 16 anos	855	47%	961	53%	1.816
16-64 anos	4.270	49%	4.526	51%	8.796
+ 64 anos	1.614	55%	1.340	45%	2.954
TOTAL	6.739	50%	6.827	50%	13.566

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Táboa-7- Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
- 16 anos	918	48%	991	52%	1.909
16-64 anos	4.296	49%	4.554	51%	8.850
+ 64 anos	1.521	55%	1.268	45%	2.789
TOTAL	6.735	50%	6.813	50%	13.548

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Unha rápida ollada ás táboas anteriores amosa unha estrutura da poboación similar nos últimos anos, non obstante, un estudo máis pormenorizado pode visualizar tendencias, polo que engadimos a seguinte táboa.

Táboa-8- Diferenza en nº absolutos da poboación segundo sexo e grandes grupos de idade.
Tomíño 2016-2020

	Mulleres	Homes	TOTAL
- 16 anos	-63	-30	-93
16-64 anos	-26	-28	-54
+ 64 anos	+93	+72	+165
TOTAL	+4	+14	+18

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A nivel global, perdéronse 93 menores de 16 anos; 54 de entre 16 a 64 anos, e; gañáronse 165 maiores de 64 anos.

De feito, o incremento de 18 habitantes, dende o 2016 ao 2020, pertence ao grupo de persoas maiores de 64 anos, e nos tramos anteriores hai unha perda dun 5% nas idades menores de 16 anos e de menos dun 1% no tramos 16-64 comparativamente co ano 2016

Se observamos os datos desagregados por sexo, observamos que o grupo de mulleres é o que maior perda ten no tramo de menores de 16, chegando a duplicar o número de homes, os datos desagregados no tramo 16-64 non achega variacións e nas persoas maiores de 64 as mulleres superan aos homes.

En definitiva, con estes datos podemos afirmar que a poboación que gaña Tomíño nestes últimos catro anos (18 persoas) débese ao incremento dos homes maiores de 64 anos e que neste mesmo período de tempo hai unha perda significativa de menores de 16 anos, en especial mulleres.


Outro dato que nos achega o estudo dos grandes grupos de idade dunha poboación é coñecer a estrutura da súa poboación, polo que amosamos estes datos para Tomíño e territorios de referencia para o ano 2020.

Táboa-9- Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade.
Tomíño/Baixo Miño/Prov. Pontevedra/Galicia. 2020

	TOMIÑO		Baixo Miño		Pontevedra		Galicia	
	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H
- 16 anos	13%	14%	13%	14%	13%	14%	12%	13%
16-64 anos	63%	66%	62%	66%	62%	66%	60%	64%
+ 64 anos	24%	20%	25%	20%	25%	20%	28%	23%
TOTAL	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


Gráfico-5- Porcentaxe poboación mulleres por grandes grupos de idade. Tomíño. 2020



■ -16 anos ■ 16-64 anos ■ + 64 anos

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-6- Porcentaxe poboación homes por grandes grupos de idade. Tomiño. 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A estrutura da poboación de Tomiño, en relación aos grandes grupos de idade, é similar á da comarca á que pertence e á provincial, destacando o grande peso do tramo de idade entre 16 a 64 anos, que chega a case multiplicar por 5 á poboación menor e por 3 á poboación maior. Esta estrutura difire sensiblemente da galega no menor peso da poboación maior de 64 anos. Cómpre destacar como no tramo de 16-64 anos os homes superan ás mulleres en 3 puntos porcentuais, mentres que no tramo de maiores de 64 anos son as mulleres quen superan en 4 puntos aos seus homólogos.

3.2.3 Indicadores

A continuación amosamos a **idade media** da poboación

Táboa-10- Idade media da poboación Tomiño/Prov. Pontevedra/Galicia. 2016-2020

	Ano 2016			Ano 2020		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
TOMIÑO	45,3	43,1	44,2	46,8	44,6	45,7
Prov. Pontevedra	46,3	43,0	44,6	47,5	44,2	45,9
Galicia	48,1	44,8	46,5	49,0	45,8	47,5

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A idade media vaise incrementando co paso dos anos, de forma congruente cos datos ata ao de agora analizados. Este mesmo comportamento obsérvase nos territorios de referencia.

Non obstante, Tomiño segue a ter unha idade media total menor que a provincial e a galega. No 2016 esta era 0,4 puntos menor que a provincial e 2,3 que a galega. No 2020 é 0,2 menor que a da provincia de Pontevedra e 1,8 que a galega, o que podería albiscar un paulatino avellentamento das persoas que habitan no municipio.

Unha lectura interesante é o incremento deste indicador demográfico durante os catro últimos anos. En Tomiño a idade media tanto de homes como de mulleres incrementouse en 1,5 anos; na provincia de Pontevedra o incremento, tamén igual para mulleres e homes, foi de 1,2 anos, e; en Galicia de 1 ano. Este dato podería informarnos dunha maior velocidade de avellentamento da poboación de Tomiño.

O número de nacementos por cada mil habitantes é a **taxa bruta de natalidade**, e a súa evolución nos últimos catro anos, achéganos datos sobre a situación demográfica do territorio.

Táboa-11- Taxa bruta de natalidade.
Tomino/Baixo Miño/Provincia Pontevedra/Galicia 2015-2019


	Ano 2015	Ano 2019
TOMIÑO	6,00	6,26
Baixo Miño	7,08	6,17
Prov. Pontevedra	7,43	6,29
Galicia	7,12	5,82

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os datos revelan un incremento da natalidade en Tomino contraria a tendencia doutros territorios analizados. Nos últimos catro anos, dos que existen datos, Tomino incrementa a súa taxa bruta de natalidade en 0,26 mentres que os datos comarcais, provincias e galegos amosan unha diminución de: 0,91;1,14 e 1,30 respectivamente.

Non obstante, a evolución en Tomino deste indicador, dende o 2012 ata o 2019, amosa un paulatino descenso en folla de serra, con leves repuntas nos anos 2014, 2016 e 2019.

Gráfico-7- Evolución taxa bruta de natalidade.
Tomino 2012-2019



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A **idade media de maternidade** é outro dos indicadores a explotar.

Táboa-12- Idade media á maternidade.
Tomino/Baixo Miño/Provincia Pontevedra/Galicia 2015-2019

	Ano 2015	Ano 2019
TOMIÑO	32,11	31,95
Baixo Miño	32,12	32,40
Prov. Pontevedra	32,63	32,85
Galicia	32,55	32,81

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A idade media de maternidade para o 2019 reflicte, en termos xerais, como as mulleres van atrasando a súa idade á hora de ter descendencia, no Baixo Miño aumenta en 0,28; na provincia +0,22 e Galicia +0,26. Tomiño é o único dos territorios analizados no que esta idade diminúe (-0,16). Atendendo á táboa-12, observamos que o mesmo feito ocorre no ano 2015.

Respecto do **número medio de fillas e fillos**, Tomiño é o territorio que presenta unha evolución máis positiva en relación á descendencia por muller.

Táboa-13- Número medio de fillas/fillos por muller.
Tomiño/Baixo Miño/Provincia Pontevedra/Galicia 2015-2019

	Ano 2015	Ano 2019
TOMIÑO	0,94	1,14
Baixo Miño	1,09	1,08
Prov. Pontevedra	1,09	1,06
Galicia	1,10	1,02

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Mentres que no 2015 Tomiño era o territorio con menor número medio de fillas/fillos por muller, no 2019 é o que presenta maior número comparativamente aos outros territorios, marcando unha tendencia inversa aos datos comarcais, provinciais e galegos.

Resaltar que nos territorios de referencia, a **idade da nai ao nacemento da ou do primeiro descendente** vaise incrementando en medio ano e situando preto dos 32 anos: en Galicia a idade no 2015 era de 31,5 anos e no 2019 de 31,9; na provincia pásase dos 31,6 aos 31,9, e; na comarca do Baixo Miño dos 31,3 anos no ano 2015 aos 31,9 no 2019.

A poboación de mulleres de Tomiño racha con esta tendencia e pasa dos 31,3 anos no ano 2015 aos 31,1 no 2019, o que significa que é o único territorio onde a idade media das nais ao nacemento do ou da primeira filla descende, chegando a situarse case nun ano menos.

Todos estes indicadores demográficos cobran sentido na medida que achegan información sobre a estrutura da poboación e a capacidade desta de relevo xeracional.

A **taxa bruta de mortalidade** é unha variable que nos ofrece información sobre o número de defuncións por cada mil habitantes nun período determinado.

Táboa-14- Taxa bruta de mortalidade. Tomiño/Baixo Miño/Provincia Pontevedra/Galicia 2015-2019

	Ano 2015			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
TOMIÑO	11,0	8,6	9,8	7,5	10,3	9,0
Baixo Miño	9,8	10,8	10,3	9,6	9,1	9,3
Prov. Pontevedra	9,9	9,7	9,8	9,7	10,2	9,9
Galicia	11,3	12,0	11,6	11,2	12,0	11,6


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O territorio de Tomiño mantense como o de menor taxa de mortalidade comparativamente coa poboación de referencia e en relación aos catro últimos anos, mentres que no 2015 o número de defuncións femininas específicas era maior que as masculinas, no 2019 sucede á inversa cunha diferenza de case 3 puntos, amosando a maior diferenza comparativa de todos os territorios de referencia.

En niveis globais a taxa bruta de mortalidade descende (-0,8) e este decrecemento débese ao peso das menores mortes das mulleres (-3,5) xa que atopamos un incremento no caso dos seus homólogos (+1,7). Paralelamente, no 2019, a taxa bruta de mortalidade feminina de Tomiño é a menor en todos os territorios analizados.

Contar coa información do 2019 e 2020 como últimos anos habilitados impide analizar a incidencia do COVID-19 na súa vertente demográfica. Non obstante, ao peche desta indagación -xuño/2021-, o Instituto Galego de Estatística ven de avanzar os datos dos tres primeiros trimestres do 2020 (*Datos Trimestrais. Datos avance ano 2020*), e no interese de recoller nesta indagación datos actuais que poidan axudar a debuxar o panorama do último ano, amosamos a información explotada do **1º, 2º e 3º trimestre do ano 2020 para a provincia de Pontevedra de defuncións segundo sexo e idade**, única estatística desagregada por sexo e a máis próxima ao territorio de Tomiño.

Gráfico-8- N° defuncións. Provincia de Pontevedra.
1º-2º-3º Trimestre: 2016-2017-2018-2019-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


O gráfico anterior amosa, a nivel provincial, como o número de defuncións durante os tres primeiros trimestres do 2020 é lixeiramente superior ás do ano 2019. Non obstante, e seguindo a evolución dos últimos cinco anos, o número de persoas falecidas neste intervalo temporal é superior no ano 2018 que no 2020.

A variación anual de falecidos e falecidas entre os meses de xaneiro a setembro é:

- -0,6% entre o ano 2016 (6.964) ao 2017 (6.925).
- +4,1 entre o ano 2017 a 2018 (7.219).
- -3,4% entre o 2018 ao 2019 (6.984).
- **+2% entre o ano 2019 ao ano 2020 (7.126).**

Analizando estes datos segundo tramos de idade a partir dos 40 anos, e centrándonos na variación entre o ano 2019 a 2020, a información é a seguinte:

Gráfico-9- N° defuncións segundo idade. Provincia de Pontevedra.
1º-2º-3º Trimestre: 2019-2020




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Atópase un incremento de defuncións, nos tres primeiros trimestres do ano 2020, a partir dos 70 anos, a tal forma que o incremento de falecidas e falecidas con idades entre os 70 a 79 anos é dun 5% para este período do 2020, e dun 3% para o tramo de máis de 80 anos.

Para finalizar a explotación destes datos, achegamos o gráfico da porcentaxe de mulleres e homes falecidos por franxa de idade no ano 2019 e 2020.

Gráfico-10- Porcentaxe de falecementos segundo sexo e tramos de idade.
Provincia de Pontevedra. 1º-2º-3º Trimestre: 2019-2020



Fonte: elaboración propia a partir de

datos do IGE

Tendo en conta que o eixe de coordenadas (Y) corresponde a porcentaxes, observamos que en todas as franxas de idade a maior parte de persoas falecidas corresponden a homes, excepto no tramo de persoas maiores de 80 anos onde durante os tres primeiros trimestres do ano 2019 a porcentaxe de mulleres falecidas foi dun 55% por un 45% de homes, e como durante o 2020 esta proporción é semellante (54% por 46%). A nivel xeral, neste período temporal do 2019 a porcentaxe de mulleres falecidas maiores de 40 anos representou un 36%, e o de homes un 64%. Durante o 2020 estes mesmos datos representaron un 37% para o colectivo de mulleres e un 63% para o colectivo de homes.

Ata aquí os datos de avance estatístico, a partir de agora continuaremos cos datos definitivos e dispoñibles dos Instituto Galego de Estatística.

En relación ao **índice de masculinidade** -número de homes por cada 100 mulleres-, no 2016 este era de 103,6 representando o máis elevado comparativamente á provincia de Pontevedra (94,4) e ao galego (93,5).

Cinco anos despois mantense constante (103,8) e coa mesma proporción en relación aos datos provinciais (94,1) e galegos (93,3), o que confirma a maior masculinización da poboación de Tomiño.

O **índice de envellecemento** e **sobreenvellecemento** coloca o foco na poboación maior. O primeiro refírese ao cociente das persoas de 65 anos ou máis por cada 100 persoas menores de 20 anos, o segundo ás persoas de 85 anos ou máis por cada 100 de 65 ou mais anos.

Táboa-15- Índice de envellecemento por sexo. Tomiño/Baixo Miño/Prov. Pontevedra/Galicia 2016-2020

	Ano 2016			Ano 2020		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
TOMIÑO	133,2	103,0	117,2	148,6	114,0	130,3
Baixo Miño	136,8	98,1	116,8	148,8	109,8	128,5
Prov. Pontevedra	147,9	99,7	122,9	159,1	108,4	132,7
Galicia	182,8	126,4	153,7	189,7	133,1	160,4

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A táboa anterior revela un progresivo incremento do índice de envellecemento da poboación de todos os territorios, tanto en termos xerais como nos desagregados por sexo.

Tomiño segue a situarse con menor índice de envellecemento que Galicia e a provincia de Pontevedra e con maior que a comarca do Baixo Miño. Non obstante, ao desagregar os datos observamos que no caso das mulleres este índice é o menor en todos os territorios e os anos analizados.

Observando as diferencias entre os índices de envellecemento de mulleres e homes en todos os territorios e comparativamente no ano 2016 e 2020, estas incrementáanse levemente o que significa que cada vez hai unha maior diferenza entre o envellecemento de mulleres e homes, sendo o primeiro maior.

O dato que achega información máis concreta do perfil do envellecemento da poboación é o índice de sobreenvellecemento, e sobre este destacar que no 2020 a nivel xeral, Tomiño presenta un dato menor que os territorios de referencia, 17,3 fronte a 18 (Baixo Miño), 17,5 (provincia) e 19,1 (Galicia).

Relacionado coa poboación maior e menor existe outro indicador que achega información sobre a capacidade de substitución da poboación en idade de xubilación, en forma de relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a de entre 15 e 19, o **índice de recambio da poboación en idade activa**. O achegamento ao valor 100 marca o obxectivo de sustentabilidade.

No caso de Tomiño os datos do 2020 sinalan un índice global de 126,4 menor que os comarcais (133,1), provinciais (143,1) e galegos (164,8). Este índice é menor tanto no caso da poboación feminina como masculina, non obstante, en todos os territorios o índice específico das mulleres é maior: en Tomiño en +1,9 puntos (127,4 para as mulleres e 125,5 para os homes); +14,3 no Baixo Miño (140,7 no caso das mulleres e 126,4 no caso dos homes); +25,5 puntos nos datos provinciais (156,4 para as mulleres e 130,9 para os homes), e; +22,7 nos datos galegos (176,5 no caso das mulleres e 153,8 no caso dos homes).


A información sobre nacementos, defuncións, estrutura da poboación, etc., cobran maior relevancia ao observar o **saldo vexetativo**, entendido como a diferenza existente entre nacementos e defuncións.

No caso de Tomiño este saldo é de -38 persoas para o ano 2019, o que significa que morreron 38 persoas máis das que naceron. En todos os territorios de referencia o saldo vexetativo é negativo (-162 no Baixo Miño; -3.437 na provincia de Pontevedra, e; -15.550 en Galicia).

Non obstante, estes datos incrementan o seu significado cando os comparamos coa evolución de cada territorio nos últimos catro anos: Tomiño perdeu un 40% menos de poboación no 2019 que no 2015; o Baixo Miño perdeu un 3% menos de poboación no mesmo período; a provincia de Pontevedra perdeu un 34% máis de poboación, e; Galicia ten unha perda de habitantes dun 21%.

A continuación amosamos a evolución do saldo vexetativo nos últimos 10 anos dos que dispomos de datos.

Gráfico-11- Evolución do saldo vexetativo. Tomiño 2010-2019




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Dende o ano 2010 o número de defuncións supera os nacementos. Ata o 2014 o saldo vexetativo sitúase arredor das -9 ou -10 persoas, a partir do 2015 (coa excepción do ano 2016) ata o 2019 o saldo vexetativo incrementase en números negativos.

Non obstante, para coñecer se un territorio gaña ou perde poboación tamén debemos coñecer o **saldo migratorio**, o que significa que as e os habitantes dun territorio se incrementan ou decrecen en función dos nacementos, defuncións, pero tamén das persoas que emigran e/ou inmigran.

Gráfico-12- Evolución do saldo migratorio. Tomiño 2010-2019



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Mentres que o saldo vexetativo evoluciona de forma invariable en termos negativos, superando os falecementos aos nacementos, o saldo migratorio é positivo en todos os anos estudados, excepto o 2014, superando as inmigracións ás emigracións. Dende o ano 2016 ao 2019 o saldo migratorio é positivo de forma progresiva, pasando das +65 persoas no ano 2016, ás +93 no 2017, +185 no 2018, a finalmente no 2019 unha incorporación de +353 persoas.

No 2019, os territorios de referencia amosan a mesma tendencia en relación ao saldo migratorio, de forma que a provincia de Pontevedra ten un saldo migratorio positivo de +5.444 e Galicia de +17.444 persoas.

En base a estes datos podemos afirmar que a ganancia de poboación non se debe a un saldo vexetativo positivo, senón a un saldo migratorio positivo, é dicir, que o peso do incremento da poboación de Tomiño descansa nas entradas de habitantes.

O saldo migratorio esta composto por un saldo interno e outro externo. O **saldo interno** é o balance entre as entradas e saídas que teñen orixe ou destino en territorio galego, o **saldo externo** ten orixe ou destino fora do territorio galego.

O saldo migratorio do ano 2019 en Tomiño (+353) está composto por un 24% de saldo interno (+84) e por un 76% de saldo externo (269), ou o que é o mesmo: das 353 persoas chegadas a Tomiño, 84 viñan de territorio galego e 269 de fora do territorio galego.

Unha análise máis micro permítenos coñecer a formación destes saldos. O saldo migratorio interno divídese en **interprovincial** (de dentro da provincia) e **co resto de Galicia**.

Do saldo migratorio interno de Tomiño no 2019 (+84), o 89% foi interprovincial (+75) e o 11% foi do resto de Galicia (+9).

Do mesmo modo o saldo migratorio externo divídese en **co resto de España** e **co estranxeiro**. Das 269 persoas (saldo migratorio externo) o 18% viñan do resto de España (+48) e o 82% do estranxeiro (221).

Esta análise amosa que o saldo migratorio é positivo fundamentalmente pola entrada de persoas estranxeiras.

3.2.4 A modo de Resumo

Para finalizar esta descrición demográfica da poboación de Tomiño, sinalar a modo de **RESUMO**:

- Tomiño é un territorio no que segue habendo **ganancia de poboación**, non obstante, o ritmo deste incremento de habitantes vai enlentecéndose. Dende o 2006 ao 2016 a media de incremento era de 127 habitantes por ano, do 2016 ao 2020 esta media apenas chega aos 5 habitantes/ano.
- A porcentaxe de homes e mulleres é dun **49,7% de mulleres por un 50,3% de homes**. Este mesmo dato para Galicia e para a provincia de Pontevedra é inverso.
- Dende o 2006 ata o 2016 **incrementábase a poboación de persoas de orixe estranxeira** a razón dunha media de 7,5 persoas por ano. Dende o 2016 ao o 2020 esta media sitúase en 5 persoas/ano.
- Dende o 2016 ao 2020 Tomiño gaña un 0,1% de poboación. Esta porcentaxe desagregada por grandes grupos de idade amosa unha **perda dun 5,1% de poboación menor de 16 anos**, tamén perda no grupo de persoas de 16 a 64 anos (-0,6%) e unha **ganancia de 5,6% de poboación maior de 64 anos**. O que revela que o peso do incremento de poboación descansa no tramo de idade de maiores de 64 anos. Estes datos desagregados por sexo amosan que **as mulleres duplican aos homes na perda da poboación de menores de 16** e que no tramo de maiores de 64 anos a ganancia de mulleres é un 29% superior á dos homes.

- A estrutura da poboación de Tomiño é similar aos datos comarcais e provinciais, destacando o grande peso do tramo de idade entre 16 a 64 anos (64,5%), que chega a case multiplicar por 5 á poboación menor (13,5%) e por 3 á poboación maior (22%). Atendendo á variable sexo, no tramo de 16-64 anos os homes superan ás mulleres en 3 puntos porcentuais, mentres que no tramo de maiores de 64 anos son as mulleres quen superan en 4 puntos aos seus homólogos.
- Nos últimos catro, e de forma contraria aos territorios de referencia, obsérvase un **suave incremento na natalidade (+0,26) e do número medio de fillas/fillos por muller (+2,20)**.
- A evolución dende o 2015 ao 2019 amosa unha **lixreira diminución da idade media de maternidade (-0,16) e da idade da nai ao nacemento do ou da primeira descendente (0,20)**, de forma inversa ao comportamento dos territorios de referencia.
- **A taxa bruta de mortalidade**, a menor de todos os territorios analizados, **descende levemente** nos últimos catro anos en 0,8 puntos debido á **redución** desta taxa no grupo de mulleres.
- O **índice de masculinidade (103,8)** mantense case de forma invariable nos últimos catro anos, superando en 10 puntos os datos galegos e provinciais.
- A evolución, nos últimos catro anos, amosa un **índice de envellecemento en crecemento** acorde aos datos provinciais e galegos. Tamén, e ao igual que en todos os territorios, este dato na poboación de mulleres é superior ao da poboación de homes.
- O **índice de recambio da poboación en idade activa** de Tomiño (126,4) é o menor dos territorios de referencia. Este indicador é superior comparativamente para as mulleres: 2 puntos en Tomiño, 14 na provincia de Pontevedra e 23 en Galicia.
- Dende o ano 2010 **o número de defuncións supera os nacementos**. No 2019 o saldo vexetativo é de -38 persoas. Non obstante **o saldo migratorio é positivo**, no 2019 de +353 persoas, debido fundamentalmente ao balance do saldo externo (entrada de persoas estranxeiras)

3.3. EDUCACIÓN

Os datos envorcados neste apartado corresponden ao ámbito do ensino non universitario no territorio de Tomiño, proceden do Instituto Galego de Estatística e recollen información do 2020 sobre os Centros e Unidades segundo ensinanzas, alumnado e profesorado.

O marco comparativo que propomos é o temporal achegando datos “de” e “desde” o ano 2015.

Cómpre sinalar a escaseza de datos educativos unha vez desagregados por municipios e por sexo, o que nos impide describir un panorama máis pormenorizado. Existe a posibilidade de indagar na recollida de datos doutras fontes, non obstante, non poderíamos asegurar a validez metodolóxica das análises establecidas, xa que observamos o principio de non establecer relación estatística entre datos de distintas fontes.

Táboa-16- Centros de réxime xeral en funcionamento segundo ensinanzas que imparten. Tomiño 2020.

	Nº Centros
Educación Infantil	1
Educación Infantil e Primaria	5
Educación Primaria e ESO	0
ESO e/ou postobrigatorias	1
Educ. Primaria, ESO e/ou postobrigatorias	0
Persoas Adultas	0
Educación Especial	0
TOTAL	7

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Dende o ano 2015 ao 2020 non hai variación no número e tipo de Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas a impartir. Existen 7 centros: 5 de Educación Infantil e Primaria, 1 de Educación Infantil e 1 de ESO e ensino Postobrigatorio.

Non obstante, atopamos variación en canto ás unidades dos Centros.

Táboa-17- Unidades de funcionamento en Centros de titularidade Pública segundo ensinanza. Tomiño 2015/2020.

	Anos					
	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Infantil	8	12	12	9	9	9
Primaria	40	40	39	39	39	40
Mixtas infantil/primaria	15	13	13	15	15	15
ESO	19	20	18	18	18	18
Formación profesional básica	1	2	2	2	2	3
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	4	4	4	4	4	4
Bacharelato ordinario	4	4	4	4	4	4
Educación especial	0	0	0	1	1	1
TOTAL	91	95	92	92	92	94

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

As Unidades de funcionamento dos Centros Educativos modifícanse atendendo aos datos oficiais das matriculas o que, en moitas ocasións, aparella unha reorganización de unidades, creando, suprimindo ou reagrupando en función do incremento ou diminución do alumnado.

Nos datos da táboa anterior, observamos que dende o 2015 ao 2020 existe: 1 Unidade máis de Infantil, 2 de Formación profesional básica e 1 Unidade de Educación especial. Pola contra perdeuse 1 Unidade da ESO.

Se atendemos á evolución dos últimos 6 anos observamos que a variación das Unidades de funcionamento en Centros é moito máis ampla:

- Infantil gaña no 2016, 4 unidades, pero perde 3 no ano 2018.
- Primaria perde 1 unidade no 2017 que volve a recuperar no 2020.
- Mixtas infantil/primaria perde 2 no 2016 que volve a gañar no 2018.
- A ESO incrementa 1 unidade no 2016, para pasar a perder 2 no 2017.
- Formación profesional básica gaña 1 unidade no 2016 e outra no 2020.
- No ano 2018 inaugúrase a primeira unidade de Educación especial.

Os Ciclos formativos de grao medio ordinarios e o bacharelato ordinario, mantéñense de forma invariable nestes últimos 6 anos.

Outro elemento de interese é coñecer os datos do alumnado matriculado en Centros sostidos con fondos públicos no 2015 e 2020

Táboa-18- Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos segundo sexo. Tomiño 2020.

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Educación Infantil	121	45%	147	55%	268
Educación Primaria	291	48%	309	52%	600
Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	188	51%	180	49%	368
TOTAL	600	49%	636	51%	1.236

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-19- Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos segundo sexo. Tomiño 2015.

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Educación Infantil	138	49%	145	51%	283
Educación Primaria	297	47%	338	53%	635
Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	212	50%	211	50%	423
TOTAL	647	48,7%	694	51,3%	1.341

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Das táboas anteriores observamos unha diminución no número de alumnos e alumnas matriculadas en centros sostidos con fondos públicos. Dende o 2015 ata o 2020 pérdese en liñas xerais un 8% de alumnado, pasando dos 1.341 alumnos e alumnas do 2015 a 1.236 no 2020.

A maior perda atópase no Estudantado da ESO que pasa de 423 persoas matriculadas a 368.

Atendendo á proporción de mulleres-homes en cada nivel de ensinanza, observamos como en Educación infantil no 2015 esta era de 49-51 e no 2020 de 45-55.


O último dato que reporta o IGE e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, trata sobre o profesorado

Táboa-20- Profesorado en centros de titularidade pública. Tomiño 2015-2020

ANOS	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
2015	128	77%	38	23%	166
2020	131	75%	43	25%	174

Fonte: elaboración propia a través de datos do IGE

Gráfica-13- Porcentaxe profesorado en centros de titularidade pública. Tomiño 2020.



Fonte: elaboración propia a través de datos do IGE

Nos últimos 6 anos incrementábase nun 5% o profesorado dos centros de titularidade pública de Tomiño. Para as profesoras o incremento é dun 2%, mentres que para os profesores ascende a 12 puntos porcentuais (12%). Non obstante, a proporción a 2020 é que por cada 4 profesionais da educación, 3 son mulleres e 1 é un home.

3.3.1 A modo de Resumo

Nos últimos 5 anos:

- Non existe variación no número e tipo de Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas a impartir.
- As Unidades de funcionamento dos Centros Educativos modifícanse, incrementando 1 Unidade de Infantil, 2 de Formación profesional básica e 1 de Educación especial. Desaparece 1 Unidade da ESO.
- Pérdese un 8% de alumnado, fundamentalmente de estudiantado da ESO.
- Incrementábase nun 5% o profesorado, fundamentalmente o grupo de profesores.

3.4. MERCADO LABORAL

Partindo da información contida no Banco de Datos Municipal do Instituto Galego de Estatística, neste apartado analizaremos:

- 3.4.1 Contratos Iniciais
- 3.4.2 Contratos Rexistrados
- 3.4.3 Desemprego
- 3.4.4 Afiliacións á Seguridade Social
- 3.4.5 A modo de Resumo

Os datos extraídos corresponden ao ano 2020 e o marco referencial é o temporal (2016). Deste modo débuxase unha liña de evolución durante os últimos catro anos en relación á contratación e o desemprego en función de diferentes variables (idade, formación, sector de actividade, etc.)

Como xa sinalamos en apartados anteriores, non podemos esquecer nesta achega e interpretación de datos a crise sanitaria producida pola COVID-19 a partir do 1º trimestre do 2020. É fundamental ter en conta a pandemia á hora de analizar a realidade do mercado laboral durante o ano 2020, ter en conta que a crise sanitaria converteuse en crise económica e social, axuda a comprender un panorama que sen dúbida modificou a súa evolución como resultado da COVID, aínda e cando os datos oficiais non respondan directamente á realidade social.

3.4.1 Contratos Iniciais

Comezamos coa análise da contratación.

Táboa-21- Contratos iniciais segundo sexo e grupos de idade. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
16 a 34 anos	776	42%	1.084	58%	1.860
35-54 anos	939	51%	895	49%	1.834
55 ou máis anos	98	44%	126	56%	224
TOTAL	1.813	46%	2.105	54%	3.918

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-22- Contratos iniciais segundo sexo e grupos de idade. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
16 a 34 anos	911	40%	1.358	60%	2.269
35-54 anos	933	42%	1.306	58%	2.239
55 ou máis anos	82	25%	250	75%	332
TOTAL	1.926	40%	2.914	60%	4.840

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A análise dos **contratos iniciais segundo sexo e grupo de idade** do ano 2020 amosa, como en termos xerais, o 94% destas contratacións sitúanse entre os 16 aos 54 anos, dato similar ao extraído do ano 2016.

Examinando este dato desagregado por sexo, no 2020 atopamos que da totalidade de contratos iniciais realizados a mulleres o 43% corresponden ao tramo de idade 16-34 anos; o 52% ao tramo 35-54, e; o 5% restante ao tramo de mulleres maiores de 55 anos.

No caso dos homes estas porcentaxes son de: 54%-46%, o que representa unha diferenza porcentual de 11 puntos a favor dos homes con contratos iniciais de entre 16 a 34 anos e unha diferenza de 9 puntos para a contratación inicial de mulleres de entre os 35 aos 54 anos.

No 2016 estas diferenzas porcentuais eran menos acusadas, non existindo variación porcentual entre os homes e mulleres con contratos iniciais entre os 16 aos 34 anos (47%) e cunha variación de 4 puntos a favor para as mulleres con contratos iniciais de entre 35 a 54 anos (48% mulleres e 44% homes)

Unha lectura lineal dos datos manifesta que de cada 100 contratos iniciais que se realizaron en Tomiño durante o 2020, 46 corresponden con traballadoras e 54 con traballadores. 4 anos antes esta proporción era de 40-60, o que pon de manifesto que a nivel cuantitativo vai reducíndose a fenda de xénero. Analizando as proporcións por tramo de idade atopamos diferenzas moito máis significativas no 2016, fundamentalmente no tramo de idade de maiores de 55 anos (25-75). Cómpre sinalar como no 2020 existe unha proporción equilibrada nos contratos iniciais entre mulleres e homes de entre 35 a 54 anos (51-49).

Non obstante, non podemos pasar por alto a diminución de contratos iniciais celebrados en Tomiño durante o 2020 en comparación ao ano 2016 (-19%). Sen dúbida, este retraemento dos datos está profundamente vencellado á crise sanitaria provocada pola COVID-19 na súa vertente de crise social e económica, cun profundo e marcado cambio no mercado laboral e nas condicións de traballo. Este é un escenario compartido globalmente, con todo, sería preciso formular un traballo específico que analizara o impacto cuantitativo e cualitativo da pandemia no territorio de Tomiño e as posibles proxeccións a curto e medio prazo.


Seguindo a análise dos **contratos iniciais**, amosamos a súa relación co **nivel de formación**

Táboa-23- Contratos iniciais segundo sexo e nivel de formación. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Sen estudos	8	33%	16	67%	24
Estudos primarios	352	49%	371	51%	723
Estudos secundarios	1.203	45%	1.470	55%	2.673
Estudos superiores	248	50%	248	50%	496
Sen clasificar	2	100%	0	-	2
TOTAL	1.813	46%	2.105	54%	3.918

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.


Gráfica-14- Porcentaxes mulleres. Contratos iniciais e nivel de formación. Tomiño 2020



■ sen estudos ■ estudos primarios
■ estudos secundarios ■ estudos superiores
■ s/clasificar

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfica-15- Porcentaxes homes. Contratos iniciais e nivel de formación. Tomiño 2020



■ sen estudos ■ estudos primarios
■ estudos secundarios ■ estudos superiores
■

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-24- Contratos iniciais segundo sexo e nivel de formación. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Sen estudos	25	18%	111	82%	136
Estudos primarios	349	36%	611	64%	960
Estudos secundarios	1.334	39%	2.048	61%	3.382
Estudos superiores	320	53%	281	47%	601
Sen clasificar	2	100%	0	-	2
TOTAL	2.030	40%	3.051	60%	5.081

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

De forma invariable e a través dos anos, o nivel de formación das persoas que se contratan inicialmente no concello de Tomiño, amosa que a maior contratación ocorre entre as persoas con estudos secundarios (68% no 2020 e 67% no 2016), seguida moi de lonxe por aquelas persoas con estudos primarios (18% no 2020 e 19% no 2016), e finalmente con estudos superiores (13% no ano 2020 e 12% no ano 2016). Estas porcentaxes sinalan un leve incremento a través do tempo da contratación inicial con estudos superiores e de decrecemento nos niveis de estudos primarios.

Con todo, estes datos desagregados por sexo indican un incremento de contratos iniciais no 2020 para mulleres con estudos primarios, pasando das 349 mulleres contratadas durante o 2016 a 352 no 2020, único valor absoluto que se incrementa, tanto para homes como para mulleres, do ano 2016 ao 2020.

Outro dato de interese en relación aos **contratos iniciais** é coñecer a **duración** dos mesmos

Táboa-25- Contratos iniciais segundo sexo e duración do contrato. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Temporais ou de duración determinada	1.746	46%	2.035	54%	3.781
De duración indefinida	67	49%	70	51%	137
TOTAL	1.813	46%	2.105	54%	3.918

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-26- Contratos iniciais segundo sexo e duración do contrato. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Temporais ou de duración determinada	1.023	44%	1.288	56%	2.311
De duración indefinida	38	49,4%	39	50,6%	77
TOTAL	1.061	44,5%	1.327	55,5%	2.388

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

En termos xerais e de forma comparativa, seguen a manifestarse que os contratos iniciais realizados en Tomiño son maioritariamente temporais ou de duración determinada. Realidade que tamén observamos ao desagregar os datos segundo a variable sexo.

3.4.2 Contratos Rexistrados


Segundo a **tipoloxía de contratación** máis do 80% dos contratos son “de obra ou servizo” ou “eventuais por circunstancias da produción”. No 2020 representaron o 50% e 34% do total respectivamente e durante o 2016 o 42% e 38%.

Táboa-27- Contratos rexistrados segundo sexo e modalidade de contrato. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Indefinido ordinario e fomento do emprego	36	48%	39	52%	75
De obra ou servizo	451	40%	676	60%	1.127
Eventual por circunstancias da produción	369	48%	395	52%	764
Interinidade	108	78%	30	22%	138
En prácticas	4	50%	4	50%	8
Para a formación	0	0%	1	100%	1
Outros	2	18%	9	82%	11
Conversión a indefinidos	74	51%	72	49%	146
TOTAL	1.044	46%	1.226	54%	2.270

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfica-16- Porcentaxe Contratos rexistrados segundo sexo e modalidade de contrato. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Táboa-28- Contratos rexistrados segundo sexo e modalidade de contrato. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Indefinido ordinario e fomento do emprego	37	50%	37	50%	74
De obra ou servizo	396	37%	661	63%	1.057
Eventual por circunstancias da produción	452	47%	511	53%	963
Interinidade	113	78%	31	22%	144
En prácticas	14	74%	5	26%	19
Para a formación	12	57%	9	43%	21
Outros	37	34%	73	66%	110
Conversión a indefinidos	52	51%	49	49%	101
TOTAL	1.113	45%	1.376	55%	2.489

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Analizando globalmente os outros tipos de contratación, cómpre sinalar como se incrementa en máis de 2 puntos porcentuais a “conversión a indefinidos” do 2016 (4%) ao 2020 (6,4%), xunto coa case desaparición no 2020 dos contratos “para a formación” e a categoría “outros”.

Dende unha análise desagregada por sexo, observamos como a estrutura da contratación de mulleres e homes apenas varía a través dos anos. Para as mulleres as modalidades de contratación prioritarias son a “de obra ou servizo” (43% no 2020 e 36% no 2016); “eventual por circunstancias de produción” (35% no 2020 e 41% no 2016), e; “interinidade” (10% para o ano 2020 e 2016).

Para os homes as modalidades prioritarias concéntranse en dúas: “de obra ou servizo” (53% no 2020 e 48% no 2016); “eventual por circunstancias de produción” (31% no 2020 e 37% no 2016)

Respecto da relación dos **contratos rexistrados** co **tipo de xornada**, sinalar:

Táboa-29- Contratos rexistrados segundo sexo e tipo de xornada. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
A tempo completo	650	38%	1.040	62%	1.690
A tempo parcial	386	69%	177	31%	563
Fixo/a descontinuo/a	8	47%	9	53%	17
TOTAL	1.044	46%	1.226	54%	2.270

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-30- Contratos rexistrados segundo sexo e tipo de xornada. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
A tempo completo	610	26%	1.070	64%	1.680
A tempo parcial	503	62%	305	38%	808
Fixo/a descontinuo/a	0	-	1	100%	1
TOTAL	1.113	45%	1.376	55%	2.489

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.


En termos xerais, o tipo de xornada maioritaria é “a tempo completo” (71% no 2020 e 67% no 2016).

Analizando os datos desagregados por sexo, a proporción de contratos rexistrados para as traballadoras “a tempo completo” e “a tempo parcial” é de 62-37 (ano 2020) e 55-45 (ano 2016). No caso dos homes esta proporción é de 85-14 (2020) e 78-22 (2016).

Estes datos amosan como aínda que existe unha caída na proporción de contratos “a tempo parcial” tanto para a poboación de traballadores e traballadoras, este tipo de xornada segue a ter maior incidencia nas mulleres, de forma que de cada 10 contratos efectuados a traballadoras 6,2 son “a tempo completo” e 3,7 “a tempo parcial” mentres que para os traballadores a correspondencia é de 8,5 a 1,4.

Estas proporcións visualízanse na seguinte gráfica:

Gráfico-17- Contratos rexistrados segundo sexo e tipo de xornada. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os roles e estereotipos de xénero que asignan ás mulleres un papel subsidiario na esfera produtiva e central na reprodutiva e nos coidados, condiciona o mercado laboral e o desenvolvemento profesional das mulleres. O traballo a tempo parcial, podería ser unha opción laboral, non obstante, cómpre ter en conta que esta xornada laboral leva aparellada unha redución de salario e un menor poder adquisitivo presente e futuro, ao que é preciso engadir a existencia dunha fenda salarial por razón de xénero. Todos estes factores afondan nunha realidade a curto, medio e longo prazo: a progresiva feminización da pobreza.

A continuación amosamos os datos relativos á **contratación segundo sector de actividade**.

Táboa-31- Contratos realizados segundo sector de actividade. Tomiño 2020.

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Agricultura/Pesca	193	40%	284	60%	477
Industria	381	36%	671	64%	1.052
Construción	5	2%	239	98%	244
Servizos	1.234	58%	911	42%	2.145
TOTAL	1.813	46%	2.105	54%	3.918

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-32- Contratos realizados segundo sector de actividade. Tomiño 2016.

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Agricultura/Pesca	233	33%	471	67%	704
Industria	272	28%	708	72%	980
Construción	12	3%	379	97%	391
Servizos	1.300	49%	1.356	51%	2.656
TOTAL	1.926	40%	2.914	60%	4.840

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A nivel xeral, os dous sectores que concentran a meirande parte da actividade de Tomiño son: servizos e industria. O primeiro concentrou o 55% dos contratos realizados tanto no 2020 como no 2016, respecto do segundo no 2020 o 27% dos contratos asinados corresponden con este sector e no 2016 esta porcentaxe é de 20%, o que sinala un crecemento da *industria* nos últimos catro anos.

Analizando os datos desagregados por sexo, observamos como neste sector as mulleres pasan de representar un 28% no 2016 a un 36% no ano 2021.

Outro dato de interese é o relativo a *servizos*, mentres que se mantén a porcentaxe de contratos nestes últimos catro anos (55%), ao colectivo de mulleres correspóndelle unha porcentaxe dun 49% no 2016 e dun 58% no 2020. No mesmo sentido, a porcentaxe de mulleres no sector *industria*, pasa do 28% (2016) ao 36% (2020).

3.4.3 Desemprego

Para a análise do mercado laboral é imprescindible examinar o paro, polo que a continuación amosamos o **paro por grandes grupos de idade**.

Táboa-33- Paro segundo sexo e grandes grupos de idade. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
< 25 anos	23	42%	32	58%	55
25 e + anos	529	59%	364	41%	893
TOTAL	552	58%	396	42%	948

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Táboa-34- Paro segundo sexo e grandes grupos de idade. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
< 25 anos	34	41%	49	59%	83
25 e + anos	720	57%	541	43%	1.261
TOTAL	754	56%	590	44%	1.344

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A nivel xeral o paro reduciuse nestes últimos catro anos nun 29%. Respecto do **grande grupo de idade** no que o **paro** ten maior incidencia, este segue a ser o de maiores de 25 anos. Da evolución destes últimos anos, observamos como se incrementan levemente as mulleres como demandantes de emprego en comparación ao grupo de homes.

Respecto da **duración da situación de demanda de emprego** para o 2020, de cada 100 mulleres desempregadas 47 o son de longa duración (máis de 1 ano) e maioritariamente teñen máis de 25 anos. No caso de desempregados este dato descende ata os 36 e tamén son maioritariamente maiores de 25 anos.


O segundo grupo en paro por duración é o correspondente á duración de máis de 1 mes e menos ou igual a 6. Para este grupo corresponde que por cada 100 mulleres en paro hai 26 nesta situación fundamentalmente menores de 25 anos. No caso dos homes por cada 100 desempregados 34 levan entre 1 mes e 6 meses en situación de demanda e tamén son de forma maioritaria menores de 25 anos.

Táboa-35- Paro segundo duración da demanda. Tomiño 2020

	Mulleres						Homes					
	<25 anos		=>25 anos		TOTAL		<25 anos		=>25 anos		TOTAL	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
<=1mes	4	18%	43	8%	47	9%	6	19%	42	11%	48	12%
>1m <=6ms	11	50%	135	26%	146	26%	17	53%	119	33%	136	34%
>6m <=1a	4	18%	95	18%	99	18%	7	22%	62	17%	69	17%
>1ano	3	14%	256	48%	259	47%	2	6%	141	39%	143	36%
TOTAL	22	22%	529	100%	551	100%	32	100%	364	100%	396	100%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Gráfico-18- Porcentaxes de Paro segundo sexo e duración da demanda. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O nivel de estudos rematados da poboación demandante de emprego é outro datos de interese.

Táboa-36- Paro segundo sexo e nivel de estudos rematados. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Sen estudos	4	67%	2	33%	6
Estudos primarios incompletos	16	50%	16	50%	32
Estudos primarios completos	58	55%	48	45%	106
Estudos secundarios	388	57%	296	43%	684
Estudos postsecundarios	85	71%	34	29%	119
TOTAL	551	58%	396	42%	947

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-37- Paro segundo sexo e nivel de estudos rematados. Tomiño 2015

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Sen estudos	3	43%	4	57%	7
Estudos primarios incompletos	32	50%	32	50%	64
Estudos primarios completos	92	55%	76	45%	167
Estudos secundarios	525	54%	443	46%	968
Estudos postsecundarios	102	74%	36	26%	138
TOTAL	754	56%	591	44%	1.344

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A nivel xeral, os estudos secundarios seguen a ser os que presentan maior número de persoas paradas (72% no ano 2015 e no 2020). O segundo nivel de estudos con maior paro para o ano 2015 foi o de estudos primarios completos (12%), mentres que no ano 2020 muda ao grupo de estudos postsecundarios (13%). En todos estes sectores é maior a porcentaxe de paradas que a de parados, fundamentalmente nos estudos postsecundarios.

Analizando a **poboación demandante de emprego** e o **sector** onde se localiza, atopamos que durante o 2020 de cada 10 persoas en paro 6 demandaban emprego no sector servizos (no 2016 esta porcentaxe era dun 52%).

Táboa-38- Paro segundo sexo e sector de actividade. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Agricultura/Pesca	48	47%	55	53%	103
Industria	68	49%	70	51%	138
Construción	4	5%	72	95%	76
Servizos	390	68%	184	32%	574
Sen emprego anterior	42	72%	16	28%	58
TOTAL	552	58%	397	42%	949

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


Táboa-39- Paro segundo sexo e sector de actividade. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Agricultura/Pesca	93	52%	86	48%	179
Industria	92	49%	96	51%	188
Construción	18	11%	149	89%	167
Servizos	467	67%	235	33%	702
Sen emprego anterior	84	77%	25	23%	109
TOTAL	754	56%	590	44%	1.344

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

O sector de actividade onde as diferenzas por razón de sexo son máis salientables é o de “construción” en detrimento dos homes (95% de paro) e o de “sen emprego anterior” en detrimento das mulleres (72%). Cómpre sinalar como durante o ano 2020 en Tomiño, de cada 10 persoas paradas no sector servizos 7 foron mulleres e 3 homes, tal como debuxa a seguinte gráfica:

Gráfico-19- Paro rexistrado segundo sexo e sector de actividade. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

3.4.4 Afiliacións Seguridade Social

En relación ás **altas laborais na Seguridade Social**, os datos amosan un incremento nos últimos catro dun 10%.

Táboa-40- Afiliacións á S. Social en alta laboral segundo sexo e nacionalidade. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Española	2.065	43%	2.685	57%	4.750
Estranxeira	77	42%	106	58%	183
TOTAL	2.142	43%	2.791	57%	4.933

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-41- Afiliacións á S. Social en alta laboral segundo sexo e nacionalidade. Tomiño 2016

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Española	1.894	44%	2.447	56%	4.341
Estranxeira	63	41%	92	59%	155
TOTAL	1.987	44%	2.539	56%	4.496

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os datos a 31 de decembro do 2020 reflicten que, ao igual que no 2016, por cada 100 persoas con alta na Seguridade Social 96 persoas son de nacionalidade española e 4 de nacionalidade estranxeira. Respecto á desagregación por sexo os homes en alta da Seguridade Social seguen a ser maioría nunha proporción de 57-43.

Considerando as **idades** das mulleres e homes en **alta laboral** a información obtida expresa que, en termos xerais, no ano 2020 as idades onde se concentraron o maior número de altas laborais foi dende os 40 ata os 54 anos, mentres que no 2016 o foi dende os 35 aos 49

Táboa-42- Afiliacións á S. Social en alta laboral segundo sexo e idade. Tomiño 2020

	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
< 20	4	24%	13	76%	17
20-24	101	43%	134	57%	235
25-29	166	40%	247	60%	413
30-34	237	48%	258	52%	495
35-39	279	46%	322	54%	601
40-44	377	46%	488	54%	825
45-49	359	44%	449	56%	808
50-54	343	44%	430	56%	773
55-59	191	37%	321	63%	512
>= 60	160	42%	218	58%	378
TOTAL	5.057	44%	2.840	56%	5.057

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa-43- Afiliacións á S. Social en alta laboral segundo sexo e idade. Tomiño 2016


	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
< 20	9	30%	21	70%	30
20-24	90	38%	146	62%	236
25-29	217	54%	181	46%	398
30-34	222	44%	286	56%	508
35-39	335	46%	389	54%	724
40-44	359	46%	420	54%	779
45-49	310	42%	425	58%	735
50-54	215	38%	348	62%	563
55-59	145	39%	223	61%	368
>= 60	108	43%	142	57%	250
TOTAL	2.010	44%	2.581	56%	4.591

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Como podemos observar nos parágrafos anteriores, o número de afiliacións á Seguridade Social de mulleres é inferior á dos homes, pero no 2020 o é para todos os grupos de idade, resaltando que en ningún deles se garda unha proporción maior do 48-52.

A seguinte gráfica debuxa este panorama:

Gráfico-20- Altas Seguridade Social segundo sexo e grupo de idades. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

De forma congruente co expresado ata o de agora, os homes son maioría á hora das afiliacións á Seguridade Social, observando as maiores diferenzas no grupo de 25 a 29 anos e 55 a 59 anos. Por outra banda, advertimos como a curva de afiliacións é semellante para mulleres e homes establecendo entre os 40 aos 54 anos o pico de afiliacións.

3.4.5 A modo de Resumo

Como **RESUMO** dese apartado, sinalamos os seguintes aspectos:

- En relación á **contratación inicial**:
 - De cada 100 contratos que se realizaron en Tomiño durante o 2020, 46 corresponderon a traballadoras e 54 a traballadores, sendo maioritariamente “de tipo temporal” ou “de duración determinada”.
 - A contratación no tramo de idade dos 16 aos 34 anos ten unha correspondencia muller-home de 42-58. Para o tramo de idade de 35 a 54 anos a correspondencia é dun 51-49.
 - O 68% dos contratos realízanse a persoas con estudos secundarios, seguidos dos estudos primarios (18%) e dos estudos superiores (13%). Existe un leve incremento a través do tempo da contratación inicial con estudos superiores e de decrecemento nos niveis de estudos primarios.
- En relación á **contratación xeral**:
 - Máis do 80% dos contratos son “de obra ou servizo” ou “eventuais por circunstancias da produción”.
 - De cada 10 contratos efectuados a traballadoras 6,2 son “a tempo completo” e 3,7 “a tempo parcial” mentres que para os traballadores a correspondencia é de 8,5-1,4.
 - Os dous sectores que concentran a meirande parte da contratación son: servizos (55%) e industria (27%). No sector servizos a correspondencia mulleres-homes é de 58-42, e para industria 36-64.
- En relación ao **paro**:
 - A nivel xeral, este reduciuse nos últimos catro anos nun 29% cunha proporción dun 58% para a poboación feminina e un 42% para a masculina.
 - De cada 100 mulleres desempregadas 47 o son de longa duración (máis de 1 ano) e maioritariamente teñen máis de 25 anos. No caso de desempregados este dato descende ata os 36 e tamén son maioritariamente maiores de 25 anos.
 - As persoas con estudos secundarios seguen a ser as que presentan maior paro (72%).
 - De cada 10 persoas paradas no sector servizos 7 foron mulleres e 3 homes.
- En relación ás **afiliacións da Seguridade Social**:
 - O tramo de idade con maior número de afiliacións, tanto de mulleres como de homes, é dos 40 aos 54 anos.
 - O 57% de afiliacións á Seguridade Social corresponden a traballadores e o 43% a traballadoras, non existindo ningún tramo de idade onde ás mulleres sexan maioría ou cumpran unha proporción do 50-50.

3.5. BENESTAR SOCIAL

Neste epígrafe analizamos unha serie de indicadores de benestar e condicións de vida da poboación de Tomiño, segundo os datos extraídos do Banco de Datos Municipal do Instituto Galego de Estatística. O cadro temporal é o 2019, xa que non hai datos dispoñibles para o ano 2020, feito que nos impide observar a incidencia da COVID-19 nas condicións de Benestar da poboación Tomiñesa.

Faremos referencia a anos anteriores (2011, 2015 e 2016) co obxectivo de debuxar a evolución do territorio en materia de benestar e achegamos datos comarcais, provinciais e galegos na procura de referenciar a información vertida e dotar dun marco comparativo.

Os subapartados analizados, son:

[3.5.1 Pensións Seguridade Social](#)

[3.5.2 Prestacións Públicas](#)

[3.5.3 A modo de Resumo](#)

É importante subliñar a existencia dun menor número de datos que os achegados en indagacións anteriores. No ano 2016, puidemos analizar información desagregada por sexo sobre discapacidade, grao e tipoloxía. A partir do 2017 estes datos non se ofrecen a nivel municipal, mentres que existen para a provincia e Galicia.

3.5.1 Pensións Seguridade Social

As pensións da Seguridade Social poden ser contributivas e non contributivas, polo que cómpre lembrar que as **pensións contributivas da Seguridade Social** son prestacións económicas de duración indefinida nas que, en xeral, a concesión está supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social sempre que se cumpran unha serie de requisitos esixidos.³

Táboa-44- Número pensionistas S. Social por sexo. Tomiño/Galicia 2016-2019.

	Ano 2016			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
TOMIÑO	1.248	1.641	2.889	1.307	1.709	3.016
Galicia	328.956	329.850	658.806	336.053	334.499	670.552

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

En termos xerais, as persoas pensionistas en Tomiño incrementáronse nun 4% dende o período do 2016 ao 2019, e un 2% para a totalidade do territorio galego, non apreciándose diferenzas en función da variable sexo en ningún dos dous territorios.

Mentres que da totalidade da poboación de persoas pensionistas, a nivel galego, un 50% corresponde a mulleres e un 50% a homes, no caso de Tomiño esta correspondencia é dun 43-57.

Outro dato de interese, á hora de achegar información sobre indicadores de benestar, é coñecer o **importe medio das pensións**.

³ http://www.seg-social.es/Internet_1/Pensionistas/Pensiones/ModalidadesClases/index.htm

Táboa-45- Importe medio das pensións por sexo. Tomiño/Baixo Miño/Prov. Pontevedra/Galicia 2016-2019.

	Ano 2016			Ano 2019		
	Mulleres	Homes	TOTAL	Mulleres	Homes	TOTAL
TOMIÑO	657€	907€	799€	720€	999€	873€
Baixo Miño	666€	945€	818€	734€	1.027€	896€
Prov. Pontevedra	757€	1.077€	919€	847€	1.161€	1.005€
Galicia	741€	1.019€	880€	827€	1.107€	966€

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Na táboa anterior podemos observar, a nivel global e desagregado por sexo, o importe medio das pensións para a poboación de Tomiño e nos territorios de referencia no ano 2016 e 2019.

Un dato a destacar é como as pensións de homes e mulleres de Tomiño son as de menor importe comparativamente cos territorios de referencia. Para o ano 2019, en datos totais, a media das pensións foi 23€ menor que a comarcal, 123€ menor que a media provincial, e 93€ menor que a galega.


A este dato, que sinala a menor contía da media de pensións da poboación de Tomiño, cómpre engadir que as mulleres que perciben pensións contributivas da Seguridade Social, cobran menos que os seus homólogos masculinos en todos os territorios, en Tomiño un 28% menos (279€).

Ao analizar os datos de forma comparativa, observamos que dende o ano 2016 ao 2019 as pensións incrementáronse en todos os territorios analizados arredor dun 9%, no caso de Tomiño o incremento é tanto para mulleres como homes dun 9%, mentres que para os outros territorios o incremento medio do grupo de homes pensionistas é menor que no caso das pensionistas: no Baixo Miño increméntase un 9% para as mulleres e un 8% para os homes, na provincia estes datos son dun 11% e 7% e no global de Galicia dun 10% e 8% respectivamente.

Esta análise amosa como as diferenzas entre homes e mulleres á hora de percibir a súa pensión contributiva, vese reducida nos territorios de referencia como consecuencia dunha maior subida deste importe medio para o colectivo de mulleres. Non obstante, no caso de Tomiño a suba porcentual é a mesma para os dous sexos o que significa que se mantén a mesma fenda de xénero mentres que nos territorios de referencia esta vai diminuindo.

A seguinte gráfica visualiza esta diferenza constante ao longo dos anos.

Gráfico-21- Importe medio das pensións por sexo. Tomiño 2011-2016-2019.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.


Características xerais do ámbito do emprego nas mulleres (fenda salarial, carreiras profesionais máis curtas e descontinuas, etc.), engadido aos elementos sinalados no epígrafe anterior (a maior contratación de mulleres a tempo parcial que aparelha menor cotización, a maior taxa de desemprego e en especial do de longa duración, as menores cotas de afiliación á Seguridade Social respecto das masculinas, etc.) constitúense como determinantes á hora de explicar esta fenda nas pensións, o que a súa vez facilita o fenómeno da *feminización da pobreza*.

Para finalizar este apartado, e na procura de profundar sobre a realidade das pensións contributivas da Seguridade Social, achegamos aos datos ata o de agora expostos (importes medios), os **valores da mediana**, entendida como o valor que ocupa o lugar central. Cómpre lembrar que a mediana sitúase na posición intermedia deixando igual número de valores por enriba e por debaixo.

Cando os valores son homoxéneos os datos de media e mediana tenden a coincidir, agora ben, cando a distribución é heteroxénea (extrema ou moi dispar) o dato que mellor nos vai informar do valor central é a mediana, xa que a media queda suxeita ás variacións dos datos máis extremos que non teñen porque representar a realidade máis frecuente.

A continuación sinalamos de forma gráfica os valores de media e mediana das pensións para Tomiño e territorios de referencia durante o 2019

Gráfico-22- Media e Mediana das pensións por sexo. Tomiño/Baixo Miño/Prov. PO/Galicia 2019.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

De acordo co exposto anteriormente, os valores da mediana e da media do importe das pensións contributivas das mulleres de Tomiño é máis parello (mediana: 677€ e media: 720€) que os relativos ao grupo de homes (mediana: 836€ e media: 990€). A diferenza entre a media e a mediana no caso da poboación feminina é de 43€ (6%) e de 154€ (18%) para os seus homólogos.

Isto significa que os datos das medias aritméticas se atopan desviados por importes de pensións contributivas elevadas que fan que este dato se incremente, mentres que a mediana amosa o importe central das pensións, a tal forma que poderíamos concluír sinalando que o valor central das pensións contributivas da Seguridade Social para as mulleres de Tomiño é de 677€ e de 836€ para os homes.

A continuación analizamos as **Pensións Non Contributivas da Seguridade Social**.

Táboa-46- Nº persoas beneficiarias de PNC da S. Social por sexo e tipo pensión. Tomiño 2015-2019

	Ano 2015					Ano 2019				
	Mulleres		Homes		TOTAL	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%		Abs.	%	Abs.	%	
Invalidez	49	56%	39	44%	88	33	48%	41	52%	74
Xubilación	157	84%	31	16%	188	146	83%	29	17%	175
TOTAL	206	75%	70	25%	276	179	72%	70	28%	249

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

No ano 2019 as mulleres de Tomiño quintuplican as pensións non contributivas de xubilación da poboación de homes, mentres que nas relativas a invalidez homes e mulleres se atopan en número parellos.

Dende unha perspectiva temporal, o número de pensións non contributivas por invalidez retráense un 19% e as de xubilación un 11%.

Tendo en conta que as mulleres perciben pensións contributivas de importe menor que as dos seus homólogos, que son maioría na percepción de non contributivas e que a contía destas é sempre menor á das pensión contributivas da Seguridade Social, podemos concluir que **existe unha profunda fenda de xénero á hora das prestación por xubilación**.

3.5.2 Prestacións Públicas

Táboa-47- Persoas beneficiarias de RISGA e AIS segundo sexo. Xunta de Galicia. Tomiño 2015-2019

	Ano 2015					Ano 2019				
	Mulleres		Homes		TOTAL	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%		Abs.	%	Abs.	%	
RISGA	15	60%	10	40%	25	25	68%	12	32%	37
AIS	4	57%	3	43%	7	6	67%	3	33%	9
TOTAL	19	59%	13	41%	32	31	67%	15	33%	46

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A Renda de Inclusión social de Galicia (RISGA) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) son **prestacións públicas de carácter económico de subsistencia**. A primeira está destinada a garantir recursos económicos de subsistencia e conseguir a autonomía e integración social e laboral, a segunda ten como finalidade posibilitar ou reforzar procesos de inclusión social, así como atender situacións de grave emerxencia que poidan desencadear en procesos de exclusión social.

Tanto no ano 2015 como 2019 a maioría de beneficiarias de RISGA e AIS son mulleres. Nestes últimos catro anos a percepción da RISGA por parte das mulleres de Tomiño incrementouse nun 60% e das AIS nun 33%. No caso dos homes o incremento foi dun 17% para a RISGA e sen variación na AIS.

Outro elemento a abordar neste apartado é o da **discapacidade**, non obstante, non se dispón de datos desagregados por sexo e por grao de discapacidade a nivel municipal máis alá do 2016.

Coñecemos, a través da anterior indagación realizada para a elaboración do 3º Plan de Igualdade, que no ano 2016 o número total de persoas con discapacidade era de 1.740: 853 mulleres (49%) e 887 homes (51%). As mulleres eran maioría (55%) no grao de discapacidade do 65% ao 75%, mentres que os homes o eran na discapacidade de grao 33% a 64% (53%) e na de 75% ou máis (55%)

Para o 2019 so dispomos do dato xeral do total de persoas con discapacidade que no caso de Tomiño é de 1.372 persoas das que 660 son mulleres (48%) e 712 homes (52%)

3.5.3 A modo de Resumo

- As **pensións contributivas da Seguridade Social** dos e das habitantes de Tomiño teñen menor importe que as correlativas a nivel comarcal, provincial e galego. No 2016 as mulleres cobraban de media 250€/mes menos que os homes, no 2019 esta diferenza é de 279€/mes.
- En todos os territorios analizados increméntase o importe medio das pensións contributivas dende o 2016 ao 2019 e este incremento é maior para as pensións das mulleres que para a dos homes, excepto no territorio de Tomiño, onde o incremento é porcentualmente igual para unhas e outros, o que afianza a fenda de xénero.
- En relacións ás **pensións non contributivas da Seguridade Social**, as mulleres de Tomiño quintuplican as PNC de xubilación da poboación de homes, mentres que nas relativas a invalidez homes e mulleres se atopan en número parellos.
- Nos últimos anos medrou un 31% as mulleres de Tomiño que perciben **prestacións públicas de carácter económico de subsistencia**, no caso dos homes a suba é do 13%.

3.6. VIOLENCIA DE XÉNERO

Os datos envorcados neste apartado proveñen da *Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género (Ministerio de Igualdad)* e do *Servizo de Atención Xurídica en Violencia de Xénero e Promoción da Igualdade do Concello de Tomiño*.

A través dos primeiros tentamos achegarnos á realidade da Violencia de Xénero dende unha lente que se vai aproximando á realidade de Tomiño, nos segundos a lente enfoca directamente ás mulleres de territorio.

Esta combinación é imprescindible tendo en conta que a información dispoñible, en relación ás denuncias e ordes de protección, pertencen a partidos xudiciais e estes engloban a máis dun concello. No caso de Tomiño o partido xudicial que lle corresponde é o de Tui, composto dos concellos de A Guarda, Oia, O Rosal, Tui e máis Tomiño.

De acordo ao exposto este apartado organízase nos seguintes puntos:

3.6.1 Evolución e Magnitude

3.6.2 Denuncias

3.6.3 Orde de Protección

3.6.4 Partido Xudicial de Tui


3.6.5 A modo de Resumo

3.6.6 SERVIZO DE ATENCIÓN XURÍDICA EN VIOLENCIA DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO CONCELLO DE TOMIÑO

O marco temporal dos datos percorre dende o 2010 ao 2020, na procura de describir a evolución desta realidade na última década, mentres que o territorial achega datos do Estado Español, Galicia e provinciais na procura de debuxar espazos comparativos.

3.6.1 Evolución e Magnitude.

Gráfico-23- Evolución dos asasinatos de mulleres por violencia de xénero. España 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Na última década foron asasinadas 605 mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas.

A gráfica anterior permite visualizar as oscilacións anuais de **mulleres vítimas mortais por violencia de xénero**: o ano 2010 é o de maior incidencia (73), seguido do 2011 (62) e do 2015 (60). Pola contra os de menor número de casos son: ano 2020 (45), ano 2016 (49) e, ano 2017 (50).

É relevante observar como o ano 2020 marca o menor número de mulleres asasinadas de toda a serie de datos, e a este respecto é importante contextualizar este ano como o da explosión da pandemia por COVID-19 e o confinamento. Unha plausible explicación a estes datos a achega Miguel Lorente⁴: *Os datos evidencian que os agresores contaron coa complicidade do confinamento para conseguir controlar, reter e someter ás mulleres. Para entendela, cómpre ter en conta que o obxectivo da violencia de xénero non é o dano polo dano, senón controlar, dominar e someter á muller aos ditados que impón o agresor a partir de elementos sociais e culturais. Nas circunstancias de encerro e restricións de mobilidade, hai máis posibilidades de que este obxectivo se poida cumprir sen necesidade de recorrer a unha violencia engadida que pode traducirse en asasinato.*"

Non obstante, para entender a Violencia de Xénero en toda a súa magnitude, achegamos unha serie de datos que nos permite analizar esta realidade dun xeito máis amplo.

Táboa-48- Aspectos salientables da realidade da Violencia de Xénero. España 2016-2020.

		ANO				
		2016	2017	2018	2019	2020
Nº de mulleres asasinadas		49	50	51	55	45
Nº menores asasinad@s		1	8	7	3	3
Nº de orfas e orfas menores 18a		30	25	41	46	26
Idades mulleres asasinadas (%)	21-30a	26%	18%	14%	18%	11%
	31-40a	27%	32%	28%	18%	22%
	41-50a	16%	24%	33%	40%	27%
	51-60a	18%	12%	10%	13%	13%
Mulleres con denuncia previa		16	12	15	11	7
Mulleres c/ medidas adoptadas en vigor		6	6	4	4	2
Convivencia co agresor (%)		49%	62%	67%	73%	76%

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Na táboa anterior, observamos como ao número de mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas habería que engadir, como mínimo, **os e as menores asasinados polo agresor**, a tal forma, que os datos de asasinatos incrementaríanse, chegando ás 58 mortes tanto no ano 2017, como no 2018 e no 2019. Non obstante, cómpre entender que en moitos destes casos esta é unha violencia secundaria á vítima principal, a muller. É a esta á quen se quere danar e faise a través das súas fillas e fillos, na consciencia do maltratador neste dano extremo.

Outra realidade é a das **orfas e orfos menores**, nenos e nenas sempre vítimas de violencia de xénero, que á perda das súas nais en condicións trágicas, se engaden múltiples dificultades económicas e sociais, e invariablemente importantes secuelas psicolóxicas. Durante os últimos cinco anos esta realidade é sufrida por un total de 168 de menores.

⁴Experto Internacional en Violencia de Xénero


Respecto do **intervalo de idade das mulleres vítimas mortais**, este abrangue maioritariamente dos 21 aos 60 anos, establecendo o tramo máis representativo dos 31 aos 50 anos no que se atopan, en liñas xerais, máis da metade das mulleres asasinadas polos seus agresores.

Por outra banda, e de forma maioritaria, as mulleres asasinadas **convivían co agresor** no momento do seu asasinato. Este dato afiánzase na evolución amosada nos últimos cinco anos, mentres que no ano 2016 o 49% das vítimas mortais convivían co agresor, no 2020 esta porcentaxe ascende ao 76%.

Para finalizar, sinalar que en liñas xerais, 1 de cada 4 mulleres vítimas mortais de violencia de xénero interpuxeron previamente **denuncia**. Recalcar que para o ano 2020 este dato é o menor de toda a serie analizada: 16%. Ao mesmo tempo indicar, que das mulleres con denuncia previa, foron vítimas desta violencia con resultado de morte tendo **medidas adoptadas en vigor** unha porcentaxe que oscila entre o 50% relativo ao ano 2017 ao 29% no ano 2020.

Dende unha perspectiva que se vai achegando á realidade do territorio, amosamos de xeito gráfico os datos relativos á comunidade galega.

Gráfico-24- Evolución dos asasinatos de menores por violencia de xénero. Galicia 2010-2020




Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

Os datos relativos aos asasinatos **de mulleres por violencia de xénero en Galicia** indica que das 605 mulleres asasinadas no Estado Español na última década, 41 eran da Comunidade Autónoma Galega, o que representa un 7%.

Observamos como os anos de maior incidencia son o 2015 con 8 mulleres asasinadas e o 2014 con 6. Os últimos tres anos recollidos sitúanse con 3 mulleres mortas por ano.

3.6.2 Denuncias

Un dato no panorama da violencia de xénero é o das **denuncias** interpostas por Violencia de Xénero, para o que amosamos os datos da serie 2010-2020 no **territorio galego**.




Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

A gráfica anterior debuxa unha evolución ascendente con pico de baixada para o ano 2012 e 2020.. No 2012 recolléronse un 7% menos de denuncias que no ano anterior, a mesma porcentaxe que a do ano 2020 respecto do 2019. Non obstante, e pese a todas as oscilacións, o incremento de denuncias dende o ano 2010 ao 2020 é dun 13%, consolidando unha leve meseta durante os anos 2017, 2018 e 2019.

Colocando o punto de mira nos **datos provinciais** en relación ás **denuncias**, observamos os seguintes datos:

Gráfico-26- Evolución das denuncias por violencia xénero por Provincias. 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

As provincias de Pontevedra e A Coruña son as de maior número de denuncias interpostas por violencia de xénero comparativamente ás de Lugo e Ourense.

Con todo, esta é unha análise en termos absolutos, o estudo da relación entre número de denuncias e poboación de mulleres en cada territorio achega datos de maior nivel de comparación real, e a este termo os datos, para o 2020, son os seguintes: 0,4% de denuncias para todos os territorios provinciais.

En liñas xerais o ano 2015 é o de menor número de denuncias. A provincia de Pontevedra debuxa unha folla de serra con picos ascendentes no ano 2013 (2.376) e 2017 (2.518) e descendentes o ano 2014 (2.230) e 2020 (2.083). O descenso de denuncias na provincia de Pontevedra durante o ano 2020 en referencia ao anterior é dun 13%.

A este respecto, sinalar que mentres no ano 2019, e tamén no 2018, de cada 100 denuncias por violencia de xénero da Comunidade Galega 36 correspondían á provincia de Pontevedra, no 2020 corresponderon 34.

Un dato significativo é observar como entre os anos 2010 a 2014 os datos de denuncias por violencia de xénero eran máis numerosas na provincia de Pontevedra que na de Coruña, e como esta tendencia invértese a partir do ano 2016 ata a actualidade, onde o número de denuncias é de 2.083 para a provincia de Pontevedra e 2.524 para a de A Coruña.


A este datos hai que engadir que mentres dende o ano 2010 ao 2020 o número de denuncias interpostas na provincia de A Coruña incrementáronse nun 21%, na provincia de Lugo nun 26% e na de Ourense nun 13%, na provincia de Pontevedra o número de denuncias é practicamente igual no ano 2010 (2.086) que no 2020 (2.083). O que significa que a suba do número de denuncias nos últimos anos (2017-2018-2019) é allea á realidade da provincia.

3.6.3 Orde de Protección

En relación ás denuncias por violencia de xénero, atópanse as Ordes de Protección: *instrumento legal deseñado para protexer ás vítimas fronte a todo tipo de agresións. Para elo, a orde de protección concentra nunha única e inmediata resolución xudicial (un auto) a adopción de medidas de protección e seguridade de natureza penal e natureza civil, e activa ao mesmo tempo os mecanismos de asistencia e protección social establecidos a favos da vítima polo Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais.*⁵

A seguinte gráfica amosa a evolución das ordes de protección ditadas en Galicia dende o ano 2010 ao 2020.

Gráfico-27- Evolución das Ordes Protección por violencia xénero. Galicia 2010- 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género.


⁵<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/profesionales/investigacion/asistenciaSocial/recursos/orden/home.htm>

A evolución das **Ordes de Protección en Galicia** nestes últimos anos é ascendente, pasando das 1.342 ditadas no ano 2010 a 2.009 durante o 2020, o que significa un incremento do 33%. Dende o 2014 ao 2020 a curva elévase de forma exponencial, non obstante os últimos tres anos (2018, 2019 e 2020) marcan unha estabilización no ditame das OP.

Relacionando os datos de denuncias cos de ordes de protección en Galicia, podemos afirmar que en 1 de cada 3 denuncias se adoptan medidas de protección. Porcentualmente este dato é dun 31% para o ano 2018 e 2019 e dun 33% para o 2020.

Do mesmo xeito que abordamos as denuncias a nivel provincial, imos amosar a **evolución das OP na provincia de Pontevedra**.

Gráfico-28- Evolución das Ordes Protección por violencia xénero. Provincia de Pontevedra 2010- 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género.
Ministerio de Igualdad

Aínda que, ao igual que en Galicia, a evolución durante os últimos dez anos é ascendente (7%), non o é na mesma medida, amosando unha curva en folla de serra con picos descendentes no 2016 e 2018 e ascendentes no 2017 e 2019. As ordes de protección concedidas no 2020 son un 3% menos que as do 2019.


A relación de denuncias con ordes de protección tamén é inferior aos datos galegos: un 22% para o ano 2018, 27% no 2019 e 29% no 2020.

3.6.4 Partido Xudicial de Tui

Os partidos xudiciais son as unidades territoriais da Administración de Xustiza, e estes compóñense dun ou varios municipios limítrofes. Tomiño forma parte do partido xudicial de Tui xunto cos concellos de A Guarda, Oia, O Rosal e Tui.

Dende esta perspectiva achegamos a evolución das **denuncias por violencia de xénero** deste **partido xudicial** na procura de establecer a realidade de Tomiño.

Gráfico-29- Evolución de denuncias por violencia xénero. Partido Xudicial de Tui 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

O gráfico 29 revela unha importante oscilación no **número de denuncias por violencia de xénero no Partido Xudicial de Tui**, con curva ascendente nos anos 2014 (52) e 2019 (65) e descendente nos anos 2012 (26) e 2017 (30)


En liñas xerais, nestes últimos once anos hai un incremento dun 30% no número de denuncias. Do ano 2018 ao 2019 o incremento é dun 23%, non obstante, do 2019 ao 2020 o número de denuncias diminúen un 8%.

Relacionando os datos do partido xudicial de Tui cos da provincia de Pontevedra, no ano 2016, 2017 e 2018 o peso das denuncias por violencia de xénero deste partido xudicial nos datos provinciais era dun 2%, no ano 2019 e 2020 este dato incrementouse nun punto porcentual (3%).

Comparando os datos de denuncias do Partido Xudicial de Tui cos provinciais, cómpre resaltar que no 2020 increméntanse as denuncias no Partido Xudicial de Tui e decrecen na Provincia e no 2017 decrecen no Partido Xudicial e increméntanse na Provincia.

A continuación sinalamos a evolución do número de **OP** na última década no **Partido Xudicial de Tui**

Gráfico-30- Evolución das Ordes Protección por violencia xénero. Partido Xudicial Tui 2010-2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad

En relación ás **Ordes de Protección ditadas no Partido Xudicial de Tui**, a imaxe que representa a gráfica indica fortes subidas e baixadas, con especial incidencia no incremento no ano 2013 e de diminución no 2018. Poderíase afirmar que hai ausencia de patrón.

En liñas xerais, poderíase afirmar que a evolución nestes últimos anos é negativa, xa que a diferenza porcentual do 2010 ao 2020 é dun -18%. Non obstante, se observamos o ano 2013 o incremento respecto do 2010 é dun 43%, pero observando o 2018 a diminución é dun -77%.

En relación ao ano 2020 o número de OP concedidas é similar aos anos de maior meseta (2014 e 2015) cun número de 22.

A correspondencia entre denuncias e OP tamén é extremadamente variable. Mentres que o ano de maior número de OP foi o 2013 con 47 concedidas o número de denuncias foi de 49, o que sinala que case que todas as denuncias contaron con OP adoptada. Pola contra o 2018 é o ano con menor número de OP concedidas (6) e houbo 50 denuncias o que representa o 12%, moi lonxe de case 100% do ano 2013.

Durante o ano 2020 o número de denuncias foi de 60 e o de OP de 22, correspondendo un 37% de OP adoptadas, dato similar ao galego.

3.6.5 A modo de Resumo

A modo de resumo:

- No marco do **Estado Español** compre sinalar: 605 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas durante a última década; o ano 2020 foi o de menor número de mulleres asasinadas, dato a contextualizar coa explosión da pandemia por COVID-19 e os posteriores confinamentos; nos últimos anos 3 de cada 4 mulleres asasinadas convivían co agresor no momento do seu asasinato, e; a mesma proporción (3 de cada 4) non tiñan denuncia previa.
- En relacións ás **denuncias**, en Galicia o incremento dende o 2010 ao 2020 é dun 13%, no Partido Xudicial de Tui dun 23% e no territorio da provincial mantéñense o mesmo número de denuncias no 2010 que no 2020. Respecto da variación do 2019 ao 2020, en Galicia hai unha redución do 7%, en datos provinciais dun 13% e no Partido Xudicial de Tui a diminución é dun 8%
- Na última década as **Ordes de Protección** ditadas en Galicia increméntanse nun 33%, manténdose estables durante os tres últimos anos. No ámbito provincial o incremento é menos acusado (7%) e amosan unha gráfica en folia de serra. Pola contra a evolución dende o 2010 ao 2020 no Partido Xudicial de Tui é descendente (-18%), observando ausencia de patrón e marcadas oscilacións.

3.6.6. Servizo de Atención Xurídica en Violencia de Xénero e Promoción da Igualdade do Concello de Tomiño.

En outubro do 2016ponse en marcha o *Servizo de Atención Xurídica en Violencia de Xénero e Promoción da Igualdade do Concello de Tomiño* coa contratación dunha avogada e técnica especialista en Igualdade e Violencia de Xénero, a través dunha subvención para a Igualdade de Oportunidades e prevención da Violencia de xénero da Deputación de Pontevedra.

A día de hoxe, os seus obxectivos son:


- Desenvolver atención directa personalizada e asesoramento xurídico en temas relacionados coa igualdade de Xénero, con especial atención ás situacións de Violencia de Xénero e de especial vulnerabilidade.
- Organizar actividades e programas relacionados coa Igualdade de Xénero e Violencia Machista en colaboración cos restantes servizos e administracións no eido da sensibilización.

Este servizo atópase localizado nas instalacións dos servizos sociais do Concello de Tomiño, e durante 8h/semana, realiza os seguintes labores:

- Asesoramento xurídico directo e todas aquelas xestións, derivacións e coordinacións con servizos necesarias para o seu correcto desenvolvemento, así como o estudo de casos e redacción de documentos en materia de: Violencia de Xénero, Dereito de Familia, Dereito Laboral e da Seguridade Social, Civil, etc.
- Solicitudes de xustiza gratuíta.
- Atención directa e información personalizada en materia de recursos.
- Prevención e sensibilización en Violencia de Xénero, e en xeral, todas aquelas cuestións relacionadas coa consecución do principio de igualdade, con especial atención aos casos de Violencia de Xénero e situacións de especial vulnerabilidade.

Dende a súa posta en marcha ata o 31 de decembro do 2020 atendéronse un **total de 151 persoas**, 146 mulleres e 5 homes, tal como se amosa na seguinte gráfica.

Gráfico-31- Persoas usuarias do Servizo. Tomiño 2016/2020.



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados polo propio servizo.

O 97% das persoas atendidas son mulleres, en xeral derivadas polos diferentes servizos do departamento de Benestar Social e pola Garda Civil, aínda que comeza a medrar a atención a partir de demanda directa, sen intervención/derivación de departamento ou organismo.

Os homes atendidos (3%) o son en consideración de: derivacións do Servizo de Educación e Apoio Familiar por problemáticas relacionadas con garda e custodia de menores, e; demandas directas de atención en situacións familiares con menores a cargo e especiais dificultades económicas e laborais.

Tendo en conta que o tempo operativo deste servizo durante o ano 2016 é curto e que os datos da gráfica se contabilizan ata fin do 2020, poderíamos extrapolar estes datos ao intervalo 2017 a 2020, o que suporía unha media de 38 altas anuais.

A continuación amosamos os datos do 2020 relativos a: número de altas, persoas atendidas, idades, tipoloxía das consultas, etc.

Durante o **2020 atendéronse un total de 72 persoas**, tal como se especifica na seguinte táboa:

Táboa-49- Persoas usuarias do Servizo. Tomiño 2020


	Mulleres		Homes		TOTAL
	Abs.	%	Abs.	%	
Altas novas	44	94%	3	6%	47
Persoas usuarias de anos anteriores	24	96%	1	4%	25
TOTAL	68	94%	4	6%	72

Fonte: elaboración propia a partir de táboa proporcionada polo propio servizo.

As altas novas (47) supuxeron o 65% de persoas atendidas polo servizo e as persoas usuarias atendidas durante o 2020 con atención(s) en anos anteriores o 35%. Por outra banda, os datos resaltan que as persoas atendidas son case na súa totalidade mulleres, tanto nas altas novas como nas atendidas de anos anteriores.

En relación ás **idades** das persoas usuarias, amosamos este dato por intervalos.

Gráfico-32- Tramos de idade das persoas usuarias do Servizo. Tomiño 2020



■ <18 anos ■ 18 a 25 anos ■ 26 a 54 anos ■ >54 anos


Fonte: elaboración propia a partir de datos do Servizo.

O 79% das persoas atendidas, maioritariamente mulleres, son maiores de 26 anos e menores de 54. O restante 21% distribúese entre as maiores de 54 anos (11%), menores de 18 anos (7%) e maiores de 18 e menores de 25 (3%).

En relación ás **consultas**, tanto presenciais como telefónicas, que xeraron as 72 persoas atendidas polo servizo durante o 2020, estas foron 190 o que sinala unha media de 3 consultas por persoa.

A **natureza** destas **consultas** é diversa e incluínte, a tal forma que unha mesma persoa pode xerar máis dunha tipoloxía de consulta por demanda expresa ou por extensión da casuística. Polo que o total de consultas (117) é superior ao total de número de persoas usuarias do servizo (72)

Gráfico-33- Natureza consultas. Tomiño 2020



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Servizo.

A gráfica anterior representa como a meirande parte das demandas xiran arredor do Dereito de Familia (45), seguido de Violencia de Xénero (31) e Xustiza Gratuíta (21). Cómpre sinalar que as 6 consultas realizadas no 2020 sobre Eranxeiría e Nacionalidade supón un elevado incremento respecto dos anos anteriores.

Por outra banda, durante o 2020 atendéronse 31 mulleres vítimas de **Violencia de Xénero** con ou sen proceso xudicial.

Maioritariamente son mulleres con fillas/fillos menores a cargo (71%) e o 32% tiveron ou teñen Orde de Protección en vigor.

En relación a esta casuística, dende o servizo tramítanse: axudas económicas específicas para vítimas de violencia de xénero, bono alugueiro dirixido a vítimas de violencia de xénero, dispositivos de seguridade, etc. Tamén realízanse derivacións aos programas específicos de atención psicolóxica a vítimas.

4. ANÁLISE DA INFORMACIÓN CUALITATIVA

Para realizar a análise cualitativa deste diagnóstico recolléronse datos procedentes de entrevistas e reunións realizadas ao persoal técnico de diversos departamentos municipais e a axentes sociais e comunitarios da localidade co obxectivo de que proporcionaran información sobre cales son, segundo o seu punto de vista, os problemas, atrancos e necesidades relacionados coa igualdade de oportunidades que detectan na localidade de Tomiño.

A primeira reunión realizouse o día 21 de xullo de 2021 ás 10:00h no edificio de Servizos Sociais de Tomiño, e nela participan: A Educadora Familiar, a Avogada da Oficina de Igualdade e unha técnica de Avalía Grupo de Coordinación.

A segunda reunión celebrada o día 21 de xullo ás 12:00h na Oficina de Información Xuvenil de Tomiño participan: A técnica da Oficina Municipal de Información Xuvenil e Cultura, a Orientadora Laboral a Avogada da Oficina de Igualdade e unha técnica de Avalía Grupo de Coordinación.

A terceira reunión lévase a cabo o día 22 de ás 9:00h no edificio de Servizos Sociais coa Coordinadora de Servizos Sociais e coa Traballadora Social e unha técnica de Avalía Grupo de Coordinación.

O contacto con axentes sociocomunitarios da localidade realizouse a través dunha enquisa/cuestionario onde se solicitaba a súa visión sobre a problemática existente en materia de igualdade no municipio e as súas achegas e suxestións formuladas para paliar esta situación e poder articular ferramentas e medidas efectivas de traballo. A enquisa foi posta a disposición das asociacións e entidades sociais, deportivas, veciñais, culturais, ANPAS, Comunidades de Montes e Augas coa finalidade de fomentar a súa participación achegando ideas.

Para recoller esta información, do día 29 de xullo ao 15 de agosto, colgouse na páxina web do Concello un cuestionario de carácter anónimo con preguntas abertas sobre o que considera máis relevante do 3º Plan de igualdade; como valora o traballo colaborativo realizado na execución do Plan; que aspectos sinala como óptimos e cales como mellorables e que suxestións desexa facer ao novo plan.

Para acadar a información dos Centros Educativos sobre o Plan de Igualdade, enviouse a cada centro un e-mail cun cuestionario onde se solicitaba a súa opinión sobre a problemática existente no municipio en materia de igualdade e as súas achegas e suxestións para combater a situación de desigualdade. Para facilitar o traballo de recollida de información, estableceuse un prazo de cumprimento do cuestionario dende o día 02/09/2021 ata o 15/09/2021.

Co obxectivo de acadar a información dos partidos políticos enviouse un e-mail aos partidos políticos solicitando as súas achegas a incluír no 4º Plan de Igualdade, establecendo o prazo de cumprimento dende o día 24/09/2021 ata o día 08/10/2021.

A continuación expoñemos a información proporcionada polas e polos profesionais nos distintos ámbitos de intervención.

As achegas realizadas son as seguintes:

A nivel laboral

- Explícitase a existencia dun alto número de mulleres desempregadas que se atopan nunha precaria situación laboral coas que sería necesario realizar intervención.
- Menciónase que seguen a realizarse procesos selectivos e entrevistas de traballo sexistas realizando preguntas ás mulleres sobre o estado civil, posibilidade de ter descendencia...etc.
- Indícase que aínda seguen a realizarse demandas de traballos sexistas. Solicitan mulleres ou homes en función do traballo a desempeñar ou do sector.
- Proponse realizar a difusión das subvencións convocadas polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociais e Igualdade para a realización de Planes de Igualdade nas empresas e de axudas á contratación feminina entre o empresariado da zona para sensibilizalo sobre os beneficios de incorporar a igualdade de oportunidades nas empresas.
- Coméntase que lles refiren casos de despido por embarazo, casos que non son denunciados polas propias mulleres implicadas.
- Explícitase a necesidade de realizar formación para dar a coñecer os dereitos laborais das mulleres, xa que existe un descoñecemento total.
- Nomease a existencia dun grupo sumamente vulnerable, as mulleres discapacitadas, atópanse nunha situación laboral moi complicada e con difícil acceso ao mercado laboral.
- Menciónase que existen un número importante de mulleres maiores de 45 anos sen estudos que teñen moitas dificultades para a súa inserción laboral, están practicamente excluídas do mercado de traballo.
- Proponse a posibilidade de pular ante Administración competente para establecer incentivos á contratación das mulleres maiores de 45 anos ao igual que para as mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Percíbese a existencia de máis poboación migrante en situación moi vulnerable e sen recursos para poder regularizarse, con maior incidencia de poboación feminina.
- Das consultas realizadas extráese a necesidade de traballar pola eliminación dos estereotipos de xénero e pola estabilidade laboral das mulleres da zona co obxectivo de que poidan acadar a súa autonomía.

A nivel de sensibilización e concienciación social

- Necesítase realizar formación sobre habilidades sociais dirixidos ás mulleres que se atopan en situación máis vulnerable.
- Menciónase a posibilidade de que se poña en marcha un proxecto de acompañamento de persoas migrantes para a súa regularización. Trátase de facer un grupo de iguais para proporcionar pautas de actuación.
- Detéctase un grave problema de baixo nivel sociocultural que impide desenvolver habilidades sociais que permitan acceder aos recursos públicos e tomar conciencia da propia situación.
- Existe unha evidente desigualdade xenérica nas relacións de parella, absolutamente estereotipadas e con escasa toma de conciencia por parte da muller desa desigualdade.
- Percíbese certo incremento de “tintas” racistas, explícitase “vémonos na necesidade de desmontar continuamente expresións como “veñen a quitarnos a paga...””
- Coméntase que se vai poñer en marcha unha campaña de interculturalidade dirixida a mozas e mozos da localidade.
- Considérase importante, aproveitando o Campus de fútbol, visibilizar ás mulleres futbolistas e contar coa participación dunha figura destacada do fútbol feminino.

- Formúlase a realización de acordos e/ou convenios con entidades, asociacións, etc para fomentar o apoio ás mulleres migrantes que se atopan en situación de especial vulnerabilidade.
- Proponse realizar o Plan de Igualdade da Administración Local de Tomiño.

A nivel de conciliación

- Explicitase na maioría das reunións a necesidade de creación de recursos e servizos de conciliación, indican que dende o goberno local é preciso promover as condicións que permitan mellorar a calidade de vida da poboación da localidade. Que o dereito social de conciliar se converta nunha realidade a través da implantación e/ou ampliación de servizos que redunde no benestar e calidade de vida da poboación Tomiñesa.
- Infórmase sobre a feminización existente no Persoal do Servizo de Atención a Domicilio, ao igual que noutras localidades, a maioría das persoas usuarias demandan mulleres para o servizo e non aceptan homes.
- Obsérvase que na actualidade as novas xeracións de mulleres comezan a cuestionarse o traballo de coidados como algo exclusivo das mulleres, cando acontece no seu entorno familiar, créase un enfrontamento xeracional ao cuestionar a súa obriga de coidadora exclusiva.

A nivel educativo

- Formúlase a necesidade de traballar coa mocidade sobre a educación afectivo sexual. Obsérvase un retroceso en materia de educación afectivo-sexual (acoso, homofobia...), polo que se propón a realización de obradoiros de educación afectivo-sexual no IES da localidade co obxectivo de que aprendan a construír relacións entre iguais que sexan sans e libres de violencia. Coméntase que os cursos deben ser gratuítos ou cunha contribución simbólica para facilitar que a mocidade participe.

A nivel de violencia de xénero

- Considérase moi positivo que comece a funcionar neste Concello o Servizo de Asistencia Psicolóxica dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero co obxectivo de realizar un traballo multidisciplinar.
- Dotar ao Servizo Xurídico e Psicolóxico de autonomía propia para poder realizar as xestións necesarias para que as mulleres usuarias que o necesiten eviten ser derivadas a outros concellos.
- Realización en colaboración co Servizo de Igualdade o protocolo de coordinación para as vítimas da violencia de xénero.
- Considérase fundamental difundir o Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico e do Servizo de Atención Psicolóxica entre a poboación das parroquias.
- Coméntase positivamente a coordinación existente coa Guardia Civil tanto en horario e día de atención como nos horarios fora de atención.

5. CONCLUSIONES

A nivel cuantitativo podemos concluir que Tomiño:

- A nivel **demográfico**, segue a gañar poboación pese a un constante saldo vexetativo negativo e grazas a un saldo migratorio positivo. Nos últimos catro anos, e de forma contraria aos territorios de referencia, obsérvase un suave incremento na natalidade (+0,26) e do número medio de fillas/fillos por muller (+2,20).
- Dende o 2016 ao 2020 gaña un 0,1% de poboación. Esta porcentaxe desagregada por grandes grupos de idade amosa unha perda dun 5,1% de poboación menor de 16 anos, tamén perda no grupo de persoas de 16 a 64 anos (-0,6%) e unha ganancia de 5,6% de poboación maior de 64 anos. O que revela que o peso do incremento de poboación descansa no tramo de idade de maiores de 64 anos. Estes datos desagregados por sexo amosan que as mulleres duplican aos homes na perda da poboación de menores de 16 e que no tramo de maiores de 64 anos a ganancia de mulleres é un 29% superior á dos homes.
- Demograficamente amosa un comportamento similar ao provincial, debuxando unha situación de meseta tendente á regresión demográfica.
- Aínda cando os indicadores relacionados coa natalidade e maternidade non son regresivos, hai unha perda significativa da poboación menor con especial incidencia na poboación de mulleres.
- Respecto da **educación**, e nunha análise dos últimos cinco anos, perde un 8% de alumnado, fundamentalmente de estudantado da ESO, e incrementa un 5% o seu profesorado.
- O **mercado laboral** debuxa un panorama de contratacións iniciais de tipo temporal e realizadas a persoas con estudos secundarios, no que a proporción de contratacións de homes segue sendo lixeiramente superior á de mulleres.
- De cada 10 contratos efectuados a traballadoras ó son “a tempo completo” e 4 “a tempo parcial” mentres que para os traballadores a correspondencia é de 9 a 1.
- De cada 100 mulleres desempregadas 47 o son de longa duración (máis de 1 ano) e maioritariamente teñen máis de 25 anos. No caso de desempregados este dato descende ata os 36 e tamén son maioritariamente maiores de 25 anos.
- De cada 10 persoas paradas no sector servizos 7 foron mulleres e 3 homes.
- En relación ao **Benestar Social**, as pensións contributivas da Seguridade Social dos e das habitantes de Tomiño teñen menor importe que as correlativas a nivel comarcal, provincial e galego. No 2016 as mulleres cobraban de media 250€/mes menos que os homes, no 2019 esta diferenza é de 279€/mes.
- As mulleres quintuplican aos homes nas pensións non contributivas de xubilación mentres que nas de invalidez homes e mulleres se atopan en número parellos.
- Nos últimos anos medrou un 31% as mulleres de Tomiño que perciben prestacións públicas de carácter económico de subsistencia, no caso dos homes a suba é do 13%.
- Respecto da **Violencia de Xénero**, dende o 2010 ao 2020 o incremento de denuncias no Partido Xudicial de Tui foi dun 23%. Non obstante, do 2019 ao 2020 diminúe un 8%-.
- Mentres que na última década as ordes de protección ditadas ascenden tanto na provincia de Pontevedra como en territorio galego, no Partido Xudicial de Tui diminúen un 18%.

- Nos últimos catro anos o **Servizo de Atención Xurídica en Violencia de Xénero do Concello de Tomiño** atendeu a 151 persoas, maioritariamente mulleres.
- O perfil de mulleres que acoden a este servizo teñen entre 26 e 54 anos, realizan unha media de 3 consultas e estas versan sobre dereito de familia e violencia de xénero. Indicar que durante o último ano (2020) o Servizo atendeu a 31 mulleres vítimas de Violencia de Xénero.

6. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

Avalia Grupo de Coordinación. Concello de Tomiño, 2017. 3º Plan de Igualdade de Oportunidades e de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño 2017-2020.

Concello de Tomiño. I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia 2018-2021.

Ayuntamiento Alcazar de San Juan. Diagnóstico sociodemográfico para la elaboración del Plan Local de Igualdad 2018-2022.

Concello de Tomiño. 2007. Documento de inicio de la evaluación ambiental estratégica respecto de la propuesta de modificación puntual del PXOM del Concello de Tomiño. 2007.

Concello de Santiago de Compostela. Diagnose de Igualdade de Compostela. Proceso participativo.

Eva Tobías Olarte. Consejería de Políticas Sociales, Familia, Igualdad y Justicia. Diagnóstico de género de la Comunidad Autónoma de LA Rioja.

Ayuntamiento de La Laguna. Diagnóstico de la situación de la Igualdad entre Mujeres y Hombres en el municipio de La Laguna.

https://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/organizaciones_recursos/es_material/adjuntos/metodologia_elaboracion_diagnostico_plan_igualdad_empresas.pdf

https://www.juntadeandalucia.es/institutodelamujer/images/FONDO_DOCUMENTAL/EMPLEO/MEDIDA_PLANES_IGUAL_PUBLICACI/Monografico%203.%20EI%20diagnostico%20en%20materia%20de%20igualdad.pdf

<https://www.tenerifevioleta.es/wp-content/uploads/2021/04/Diagn%C3%B3stico-II-METV.pdf>

<http://www.igualdadnavarra.es/imagenes/documentos/-32-f-es.pdf>

<https://www.laspalmasgc.es/export/sites/laspalmasgc/.galleries/documentos-igualdad/III-plan-de-igualdad-entre-mujeres-y-hombres.pdf>

[https://www.donostia.eus/info/ciudadano/igualdad_plan.nsf/vowebContenidosId/0C00B4467B5C542DC1257B950036D12B/\\$file/Ondorioak_gaztelera.pdf](https://www.donostia.eus/info/ciudadano/igualdad_plan.nsf/vowebContenidosId/0C00B4467B5C542DC1257B950036D12B/$file/Ondorioak_gaztelera.pdf)

<http://www.xunta.gal/nomenclator>

<https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

<http://www.ine.es/>

<http://tomino.gal/>

<http://www.inmujer.gob.es/>

<http://igualdade.xunta.es/>

<http://www.ces.es/>

<http://www.igualdadebenestar.org/>

<http://www.datosmacro.com/demografia/poblacion/espana>

<http://www.violenciagenero.msssi.gob.es/violenciaEnCifras/home.htm>

<http://www.feminicidio.net/menu-feminicidio-informes-y-cifras>